



BRANCA BAAMONDE CENDÁN. 1º Ciclo de E.P. Insúa Bermúdez (Vilalba).

C A D E R N O S

LITERATURA DOS NENOS XV
XXVI CERTAME TERRA CHÁ

Érase unha vez dos nenos que ó saír da escola foron xogar á Praza Maior. Alí viron nunha árbore un niño de paxaros. Foi velo e comenzo a tirearlle pedras.

Pasaba por alí Pedro e díxolles:

- Non tiredes pedras ós paxaros. ¿Non vos da vergoña? Podedes ferir ás crías. Os animais tamén senten. Deixádeos.

En canto Pedro se foi, eles quixeron subir á árbore para coller o niño.

Rompeulles unha póla e caeron os dous. Un estragou un brazo e o outro unha perna.

Pedro foi velos ó hospital e díxolles:

- Sinto o que vos pasou e espero que vos sirva de lección.

Os feridos non dixeran nada pero nunca máis volveron a maltrata ós animais.

SERGIO RODRÍGUEZ SEOANE

1º Ciclo de EP - CEIP Insua Bermúdez - Vilalba.

Os

TRASTES

O PAXARIÑO

Era un día marabilloso de primavera, ía eu paseando por un camiño e atopei un niño de paxaros nunha silveira. Acomei o fuciño e vin que no niño había un paxariño e cascas de ovos, entón pregunteille:

-¿Que fas aí soño?

- É que non sei voar, meus irmáns xa o fixeron fai uns días, e eu non sei aínda, por iso estou aquí metido.

- ¿Queres que che ensine eu? Pregunteille.

- Pío, pío. Sí que quero.

QUE NON SABÍA VOAR

Collino cunha man e díxenlle: primeiro bate as ás a modiño e despois máis forte e levanta o voo.

Así o fixo, máis o pobre paxariño caeu ó chan.

Mandeille facer outro intento e pasou o mesmo. Así estivemos un bo anaco, ata que xa dunha vez puido voar.

Ía moi contento e feliz porque xa voaba como os seus irmáns e deume as grazas. Tamén comprendeu que se non se intenta facer unha cousa, non se aprende a facela.

Dende aquela vez, o paxariño é meu amigo e ven piar tódolos días á ventá da miña casa.

ALBERTO SANMARTÍN MORADO

1º Ciclo de EP - CEIP A. Insua Bermúdez - Vilalba.

OS DOUS

Erased unha vez dous castiñeiros que se pelexaban para saber quen daba máis castañas. O 1º castiñeiro dixo:

-Eu sempre dei máis castañas.

E o outro contestoulle:

-Iso non é certo, dou eu máis.

E así foi pasando o tempo discute que te discute que un daba máis e outro menos. Dalí a un pouco o 2º castiñeiro dixo:

-Xa vai ben de discutir.

E o outro reprecoulle:

-Vale, pero eu dou máis castañas.

Pero dalí a moitos anos razonaron e dixolle o 1º castiñeiro:

-Tes razón, cada un damos as mesmas castañas aínda que algunha vez pode que un dea máis e outro menos.

E así foi como foron bos amigos e non volveron a pelexarse nunca.



LAURA PARDO LÓPEZ

2º Ciclo EP – Mato Vizoso - Vilalba.

CASTIÑEIRO

A MIÑA PAIXÓN POLA LECTURA

A xeito de presentación:

Principiamos este caderno con este traballo a xeito de introduccion porque queremos que sexa un convite Á LECTURA dende a creacion destes amigos.

A verdade, hoxe comecei a escribir sen saber nin como empezar, así que a ver que sae de aquí. Estou aquí, sentada fronte a pantalla do ordenador, escribindo o que primeiro se me vén á mente, falando por falar. Normalmente, sempre empezas presentándote, eu o único que vou dicir é que teño 15 anos recén cumpridos, o meu nome prefiro que non o saibades, agora ó non dicírvolo sei como se senten os escritores con pseudónimo, ou que non asinan as súas obras.

Pois empezando a falar de algo, imos falar da miña gran paixón, (aínda que non a única) escribir contos. É unha cousa que me gusta moito e que o fago porque me gusta, ninguén me obriga a facelo. Escribo, a parte de porque me gusta, porque cos meus contos podo alegrar a moita xente. Gústame escribir historias, nas que o lector pase a se-lo protagonista cando as está lendo. A verdade é que eu escribo o que me cadra, tanto escribo un relato de aventuras, como outro de misterio. As veces os meus relatos dependen do meu estado de ánimo, ou de como estea a miña vida nese momento. O outro día, non me atopaba moi ben, e comecei a escribir unha historia, baseada no diario dunha adolescente, onde expresaba tódolos meus sentimentos, e tódalas cousas que me gustaría facer, e non poido ou non me deixan. Esa historia aínda está sen rematar.

Outro problema para min á hora de escribir, é como remata-la historia, ou que título poñerlle. Porque escribir, escribe calquera, pero cando o rematas, pensas: ¿Que título lle poño? Ten que ser algo orixinal, para que á xente lle guste, e lle chame a atención e o lea. Ás veces un título que pregunta algo chama moito a atención, pero tamén a pode chamar outro escrito sen interrogacións, sen nada, unha frase normal. O de decidir o título, a min é o que máis me custa.

Como estou escribindo todo o que estou pensando, vou falar doutra paixón, que é a lectura. Para escribir sobre a lectura vou facer unha especie de relato, no que expreso todo o que me gusta e o que non da lectura.



Teño 15 anos, a estas idades hai moitas opinións sobre a lectura.

A miña paixón pola lectura comezou dende pequena. Meus pais preferían verme cun libro no man, e non sentada no sofá vendo a televisión. Venme de familia. Meus pais tamén son afeccionados á lectura. Dende pequena gústanme os libros de tódolos tipos: aventuras, misterio, humor, ... etc.

Boto moito tempo lendo. Gústanme os libros en galego, pero tamén os leo en castelán. No miña clase hai moi poucos lectores; case todos len por obrigación. Eu non leo por obrigación, senón porque me gusta.

Ás veces vou a un mundo imaxinario moi bonito, e outras veces, cando estás preocupado axúdache o revivi-lo ánimo, e as causas cambian por completo. A lectura é agradecida, pero tes que ler con calma e non ás presas, xa que senón non entendes o que estás lendo. Tamén che axuda a escribir perfectamente.


No colexio moitos profesores mándanche ler o libro e facer o resumo, para motivarte a ler, e se non llelo fas suspendes, eu penso que desa maneira non nos motivan a ler, fan que aborrezámo-la lectura, porque nos están abrigando a ler, e non a todos lles gusta.

Outro problema que atopo no colexio, é que che escollan os libros que tes que ler. Para min iso é unha parvada, porque a cada persoa gústalle un tipo de libro, e non a tódalas persoas lles gustan os libros de misterio, hai xente que prefire os de aventuras. Por iso penso que é unha parvada, porque non todos témo-los mesmos gustos á hora de ler. Aínda que agora xa vou entendendo por que eles nos escollen os libros, porque ó mellor o libro que escolliches ti, o profesor non o leu, e despois para corririrche a pregunta de lectura do exame, non ten maneira de facelo, xa que el non sabe de que ía a historia.

A min gústanme os libros de tódolos tipos, pero prefiro estes libros nos que o protagonista (ou protagonistas), teñen que pasar moitos traballos para resolve-lo problema. Tamén me gustan os libros realistas, nos que o que estás lendo se parece a algún problema que ocorre no realidade, libros nos que unha rapaza anoréxica, fala dos seus problemas, libros nos que fala un rapaz que non ten moito que comer, e que ten que traballar, ó mellor con 8 ou 9 anos, por exemplo. ¿Por que me gustan os libros deste tipo? Porque tratan de problemas da actualidade, problemas que hoxe, por desgracia, hai moitos. Eu sempre digo que a lectura é moi importante para comprender cousas da vida.

Unha pregunta que teño eu é:

- ¿Por que me gusta tanto ler?



Supoño que é para distraerme un pouco, para viaxar a outro mundo a través dos libros e contos. Para min a lectura é unha cousa moi importante, todos e todas levamos dentro o noso lado de contar contos, pois se nos gusta contalos, podemos ler outros para poder inventar moitos máis contos, e poder divertir a tódolos rapaces e rapazas, que aínda non descubriron o bonito que é a lectura.

Supoño que non todos opinan coma min, que hai uns que opinan igual e outros que dirán que todo o que digo son tonterías, e que a lectura non serve para nada, que é mellor ver a televisión; tamén haberá outros que pensen que é verdade todo o que digo, e que a lectura é unha cousa moi bonita. Hai moitas opinións. Pero eu defendo a miña, porque lendo non lle fago mal a ningún, ó contrario, ás veces cando estou lendo e outra persoa está escoitando, ben porque non sabe ler, ou porque coa idade xa non ve moito, fágoo feliz, porque tamén el pode escoita-las historias. Os libros son moi bonitos cando te mergullas neles, e pasas a se-lo protagonista, parece que as cousas che pasan a ti.

As veces un libro é o único que che axuda a esquecer-los teus problemas. Hai libros que dende que os empezas a ler te prenden por completo, e non podes parar ata que o acabas de ler, tamén hai outros, dicindo a verdade que son un “rollo” e aburren moito. Tamén é causa de saber escolle-los libros que vas ler.

Esta é a miña opinión sobre a lectura, cada quen que pense o que queira, pero manteño e seguirei mantendo a miña.

Despois deste que che contei, supoño que agora saberás o porqué do título deste pequeno relato: A miña paixón pola lectura. Neste caso escolle-lo título non me levou ningún tempo, porque o relato fala do que a min me gusta. Espero que estas letras que aquí escribín, che gustasen, e que opines o mesmo ca min.

ROCÍO BARREIRO MARZOA
2º Ciclo ESO - C.P.I. Xanceda

Xoán era un cativo moi vago, que vivía co seu pai e a súa nai nunha pequena casa. No colexio nunca estudiaba nin facía os deberes. En cambio, facía caricaturas do director, da profesora, dalgún amigo...

A súa nai sempre tiña que ir falar coa profesora porque o seu fillo non facía nada, e a mestra dicíalle:

-En vez de traballar adícase a facer caricaturas. ¡Estou farta!

A nai repetíalle a Xoán:

-¡Vouche tirar das orellas! ¡Acábasme coa paciencia!

Pero un bo día, algo inesperado ía ocorrer naquela aula. De súpeto, chegou o director e quitoulle as caricaturas. Pero cando as observou, exclamou:

-¡Son moi boas, téñollas que ensinar a Xosé!

Xosé era o director do xornal da provincia e, ó velas, dixo:

-¡Este neno é un xenio!

O director comentoulle á nai de Xoán que era un artista facendo

caricaturas. Cando pasaron dez anos, Xoán xa tiña dezanove, e traballaba no mellor xornal do mundo facendo aqueles debuxos tan interesantes. Gracias a isto, puido comprar unha casa máis grande para os seus pais. Pero o que é máis importante, Xoán era feliz co traballo que realizaba.

DIEGO SANJURJO SANJURJO

1º Ciclo de EP – CEIP Mato Vizoso - Vilalba.

O botón

Cosérono lentamente
ó peto dun pantalón,
non lle gustaba aquel sitio
preferiu se-lo Sol,
que tamén é redondiño
e ten a mesma cor,
amarela, amareliña
semellábase a un limón
como o que comía o dono daquel
gran sucio pantalón.

ANTÓN BASANTA

2º Ciclo EP – CEIP I.B. - Vilalba.

E digo:

Velaí o noso camiño colectivo.
(Cando atopamos a solución ós nosos problemas)
¡Que mundo verde descoñecido!
(Cando escribo un poema maravilloso)
Non voa unha mosca
(Despois do sucedido hai un silencio sepulcral)
Son postais de paraísos
(Cando nos prometen moitas cousas)
Son paisaxes de lixo
(Cando para limpar un campo hai que lixar outro)
Son uralitas de deseño
(Cando fan un edificio feo e véndeno como bonito)
Este é o único mundo que temos
(Cando vexo tódalas noticias de guerras)
¡Que noite!
(Morreron 600 persoas nun atentado)

XOÁN REYES VILLAR

1º Ciclo ESO IES Nº 1 - A Estrada.

A poesía

A poesía é un arte
que se pode atopar,
en calquera rima ou verso
que poidas imaxinar.
Gustariame dicirche
que podes inventar,
as cousas máis fermosas
que poidas imaxinar.
Unha serea na auga,
ou nadando no mar,
un cabalo salvaxe
que se deixe amansar.
A poesía é un arte
que ti podes crear,
imaxina algunha cousa
e ponte xa a rimar.

ALBA VIGO GONZALEZ

3º Ciclo EP – CEIP I. B. - Vilalba.

A Primavera

Na Primavera naceu
unha flor
Co seu vestido cheo de cor
amareliño, vermellón.

Na Primavera naceu
unha flor
moi perfumadiña co seu olor.

Na Primavera voltan os paxariños
coa súa canción
Cantan e pían pola mañanciña
ata que cae o sol.



ÁLEX FRAGA DÍAZ

1º Ciclo de EP - CEIP I. B. - Vilalba.

E digo:

Este é o único mundo que temos.
Cando vexo violencia sen solución
Velaí o noso camiño colectivo.
Cando chego ó instituto e vexo as escaleiras.
¡Que noite!
Cando esperto despois dunha chea de pesadelos.
¡Menuda proposta máxica!
Cando me invitan a ir á Lúa.
¡Son un puñado de aventureiros!
Cando leo un libro no que uns vellos están
dispostos a todo con tal de pisar Marte.
Iso sácame a alma
Cando vexo que un home abandona ó seu can.
¡Son feridas da memoria!
Cando recordo aquilo que tan pouco me gusta.
¡Non voa unha mosca!
Cando o mestre berra na clase.

ANA M^a ARDIÓNS NEIRA

1ª ciclo Eso. A Estrada.

A boneca de prata

Alba, era unha nena de doce anos que vivía nunha casa de campo cos seus pais e os seus avós. Gustáballe moito ler e era moi observadora.

Unha tarde, subiu ao faiado da súa casa para ir buscar uns libros vellos e atopou nunha caixa unha boneca, pero non era unha boneca calquera, senón unha de prata. Era tan pequeniña que a penas ocupaba a palma dunha man. A boneca tiña uns cabelos longos e un corpo miúdo de prata. Alba, fascinada, baixou a toda présa e foilla ensinar á súa avoa chamada M^a Eugenia. Súa avoa díxolle que esa boneca era moi especial, pois atopáraa de pequeniña e gardaba un segredo que ela non dera descubrido. Alba, sen máis esperar, subiu ao seu cuarto a toda velocidade; pero cando ía abrir a porta da súa habitación, a boneca caeu e rompeu. A rapariga botouse a chorar porque romperá un recordo da súa avoa e non ía poder descubrir o segredo. Cando ía recoller os anacos da boneca descubriu que tiña un papel enrolado que poñía:

Alba, sen palabras, alegrouse moito e foillo contar á súa avoa á velocidade da luz:

-¡Avoa, avoa! Mira, descubrí o segredo.

-¡Qué dis! Anda, déixamo ver.

M^a Eugenia ao acabar de ler a nota deuse conta de que Alba descubrira un tesouro para a humanidade, pero decidiu non dicírllo a ninguén, sería o seu gran segredo.

Esa mesma noite, M^a Eugenia e Alba acordaron ás escondidas ir buscar o tesouro, que, por sorte, estaba na mesma parroquia na que vivían elas, Insua. Abrigáronse ben, pois era inverno e facía frío, colleron un foco para ver e unha pala para cavar.

Buscaron durante horas e non o encontraron:

-Esa nota que estaba dentro da boneca debía ser unha trampa, pois aquí non hai tesouro por ningures- berrou M^a Eugenia.

-Avoa, non te desesperes que seguro imos atopar o tesouro, hai que ter paciencia.

-¡Nin qué paciencia nin que farrapo de gaita! Ímonos agora mesmo para a casa que fai un frío que te deixa teso.

Alba foi rosmando polo baixo todo o camiño sobre o tema, pero a súa avoa tiña razón, non ían atopar o tesouro.

Os días seguintes transcuriron con normalidade sen o tesouro.


Un día de inverno e de intensa nevada Alba abrigouse e dispúxose ir xogar coas súas amigas á neve ao campo Lameiro. Empezaron por xogar a ver quen facía o boneco de neve máis bonito, pero Alba ao correr tropezou. Ela parecía que estaba chorando, pero non, estaba rindo. A nena para que ninguén máis volviera a tropezar decidiu quitar a pedra. Ao principio non a daba quitado pero para a súa sorpresa atopou...¡un cofre! Abriuno cunha chapa de Coca-cola que tiña no peto e descubriu no seu interior un libro de prata máis unha boneca tamén de prata moi parecida á que atopara no faiado. As súas compañeiras marcharan despois de que Alba caera e polo tanto non se podían enterar de nada. A rapariga entráronlle calafríos ó coller o libro e deuse conta de que ese era o tesouro que fai días intentaban encontrar a súa avoa máis ela. Non se podía crer nada do que lle estaba pasando e pellizcouse para comprobar se era verdade. Non pasaba nada e entón o que lle aconteceu era realidade. Logo colleu o libro e púxose a lelo. Durante horas disfrutou das marabillas que poñía pero o que máis lle gustou foi o final:

Alba emocionouse co libro e de maior decidiu ser escritora.

Anos despois Alba fíxose famosa polos seus libros e cando lle preguntaban de onde sacara esas ideas dicía:

-Saqueinas do meu querido baúl da infancia, e dicir, do meu mellor amigo.

Un libro es como un baúl, de él sacas muchas cosas.	También es como un tesoro pues tiene mucha riqueza.
---	---



Sáin da ducha e funme vestir. Cando estaba rematando oín a miña nai chamar por min.

-¡Álex! ¡Álex! Ven, téñoche unha sorpresa para ti.

Baixei correndo as escaleiras e de súpeto, cando estaba no derradeiro chanzo brincoume algo enriba. Era un bonito pequi-nés, que semellaba un novelo de lá cun puntiño negro.

Ó día seguinte xa lle tiña nome, chameille "Pompón". Xoguei moito con ela, corriamos polo xardín e pola noite durmía no meu cuarto, así foron pasando as longas tardes do verán e así pasou un verán tras outro.

Facía unha semana que non atopaba a Pompón por ningures, canso de buscala no xardín, no garaxe, na rúa, pregunteille ós meus amigos..., non conseguimos atopala.

Estaba fóra da casa e oín na casa vella, preto da miña, uns ruidos... e fun mirar o que era. Entón vin a Pompón. Intenteina coller cheo de ledicia pero non puiden, porque non me deixaba. Entón decidín chamar á mamá e preguntoume que quería, díxenlle que alí dentro de aquel burato tan escuro estaba Pompón e non quería saír por algún motivo. Mamá buscou un foco e alumeou o burato, Vimos que Pompón estaba cuidando duns gatiños recén nacidos. Máis tarde enterémonos que eran fillos dunha gatiña á que matara un raposo que se chama Pachín.

ÁLEX FRAGA DÍAZ

1º Ciclo de EP – CEIP Insua Bermúdez - Vilalba.

¿TI VIVES CON ESPERANZA?

A esperanza é a fé de liberdade.
De amizade.
O futuro.
Empregamos toda a nosa vida na esperanza.
Vivimos unha inmensa mocidade.
Con cariño.
Ilusión.
Por novos descubrimentos.
Pola anotación.
Pola ampliación da vida.
A esperanza de reencontros.
Coa xente querida.
A que nos leva a felicidade.
Chea.
Rebordante de ilusión.
Novos nacementos
Recuperacións
Superando tremendas crises
¡Ter esperanza é ter vida!

ANA M^aARDIÓNS NEIRA

1º Ciclo ESO – IES N^o 1 - A Estrada.

O MEU CHALANO

Teño un chalano de cores
que mentres navega, baila
tira as redes e trae
sempre unha boa carga.

O meu chalano na ría
vai remando cos seus brazos
lixeiro e silencioso
vai entre os demais barcos.

Trae a Viveiro o peixe
douradas, polbos, sardiñas
rico alimento do mar
que enche as nosas cociñas.

Durante a noite de luar
o meu chalano queda no porto
mirando as estrelas soña
que lle están a contar un conto.

ALBA BLANCO VÁZQUEZ

3º Ciclo de EP – Colexio "Lois Tobío"- Viveiro.

É OUTONO

Comeza a enfriar,
xa caen as primeiras choivas
comezan as anduriñas a emigrar,
xa caen as primeiras follas.

O outono está a chegar.

Apáganse as flores,
os ventos empezan a soprar
comezan as primeiras friaxes,
e os días seguen a baixar.

Amigos, o outono chegou
e haise que abrigar.

LUCIA CILLERO SOUTO

2º Ciclo de EP - CEIP I. Bermúdez - Vilalba.

NOS MEUS DIAS ESCUROS

Nos meus días oscuros
en que as cores son recordos
os teus ollos os meus ollos
o meu tacto coñecemento

Unha alegría o teu saúdo
os nosos xogos compartimos
a túa amizade é un regalo,
e os meus amigos un tesouro.

YASMINA GARCÍA LÓPEZ

1º Ciclo de EP - CEIP I. Bermúdez - Vilalba.

O MAR

O mar está contento
porque eu estou a navegar.

O mar vaise enfadar
¡pobres barcos
que van naufragar!

O mar está furioso
porque é medoso.

O mar vaise calmar
e vai estar a gustiño
sen espertar.

XABIER DOURAL GARCÍA

1º Ciclo de EP - CEIP N^o 1 de Foz.

RECORDOS DUN CABALO

Nacín un 11 de Xuño de 1988 nun pobo do interior de Galicia. Miña nai era unha besta elegante e meu pai, como non, era campión de España de saltos. O de que miña nai era unha besta elegante díxome meu pai, porque ela morreu no parto. E meu pai contoume antes de marchar, porque cando tiña cinco anos marchou da granxa na que estabamos. Sempre me preguntei que sería dun irmán meu que nin sequera o cheguei a coñecer pero que meu pai, o día antes de marchar da granxa, comentoume que o noso dono o vendera a un dos granxeiros máis importantes de Galicia. Meu pai díxome que me deixaba a min a misión de atopalo e eu prometílle que o ía encontrar e que non nos íamos separar máis.

A miña familia sempre viviu na granxa de Ramón "Abrepernas", o alcume puxéronllo porque se dicía que lle gustaban moito as mulleres e mesmo se dixou que ía moito polas casas das prostitutas, e que conste que non teño nada contra elas, porque penso que é un traballo coma outro calquera, pero xa se sabe o lareta que é a xente. Na granxa non viviamos sós eu e o meu dono senón que había trinta vacas, unha becerra, un touro e unha besta. Esta última era tan guapiña ela, que se me dicía que me tirase por un barranco, alí ía eu. Era a besta máis guapa que vira na miña vida, porque foi a única que vin pero senón penso que me gustaría igual. Pero en fin, o que pasa nestes casos, que a besta pasaba de min e enredábase con canto cabalo había. Ben xa non falo máis de Hermosinda que senón emocionome e non calo máis, porque se chamaba Hermosinda, que ata tiña un nome bonito a condenada.

Por certo que me teño que presentar, porque ó poñerme a escribir os meus recordos son tan burro que me esquezo. Xa sei que estades pensando que son un cabalo e non un burro pero refírome a que non son un cabalo moi listo. Ó que ía, chamábame Amancio porque meu pai era do "madrí" ou do "depor" ou...

non sei en que equipo estaba este paisaniño. Pois xa presenteí a todos os da granxa, menos o cucho, que se chamaba Gumersindo, que non digo por que ese nome porque é unha historia moi longa. O nome das vacas era moi fácil porque todas se chamaban "Paloma". ¿E como se distinguen? Pois así: "¡¡Paloma 11, pasa pra corte!! ¡¡Paloma 16 non acabales na outra, condenada!!" Por último o touro chamábase Facundo e non vos digo por qué, só hai que pensar nas bolsas de pebidas e xa está. Se vos fixades case todos os nomes teñen unha lóxica pero é que o noso dono era un home moi enxeñoso, con dicirvos que case todos os días inventaba unha postura nova, para muxir ás "palomas", non sexades mal pensados.

Un xoves á noite, Antón marchou e nunca máis o volvemos ver. O asunto foi que o día seguinte pola mañá chegaron á granxa uns policías e rexistraron todo e segundo escoitei nunha conversa entre dous policías falaban de narcotráfico. Logo empezaron a meter as "palomas" no camión, as vacas para que nos entendamos, e cando estaban metendo a Facundo no camión logrei fuxir porque este era un touro moi bravo e desviou a atención dos policías. Eu cabalguei polo alto do monte durante máis ou menos dúas horas, non sei o tempo exacto porque tiven que escapar sen o reloxo. Comezaba así a operación: encontrar a meu irmán, só que eu non era o exército americano.

A primeira noite fóra da casa tívena que pasar durmindo debaixo dun carballo ante a negativa do xefe dun hotel a deixarme hospedar alí pola absurda razón de que son un animal e el é unha persoa, ¿e qué? Ben, o caso é que á mañá seguinte proseguín a miña viaxe.

Cheguei á primeira granxa que vin e nada máis entrar nas instalacións vin unha besta aínda máis guapa que Hermosinda. Non dubidei un só momento en subirme encima dela e montala, pero ela tamén se deixou. Era o que os cabalos denominamos unha "besta fácil". Púxena a catro patas e eu póxenme a dúas e pasou o que tiña que pasar. O malo é que a deixei preñada por non tomar precaucións. Cando souben esta noticia marchei da granxa porque non vin rastro de meu irmán e non tiña ganas de coidar o meu fillo.



Este feito incrementou a miña fama de semental entre os cabalos e as bestas. Podedes pensar que son un cabrón, é dicir, o mítico malote que vai pola vida empreñando bestas, o que pasaba era que daquela non había clubs de alterne, á diferenza de hoxe, e todos temos necesidades. Ó marchar de alí decidín pasar páxina.

O seguinte sitio que visitei foi unha granxa dun pobo chamado Mesía. Alí volvín cepillar á besta correspondente, literalmente, xa que había alí un rastro e rañeille o lombo pero unha cousa leva a outra e acabamos “na cama”. A boa nova que me pasou alí foi que conseguín o número de teléfono de meu irmán e por unha vez non quedou preñada a besta. Entón collín o meu sharp GX15 e chamei a meu irmán. Díxome que era narcotraficante de herba seca na fronteira entre A Coruña e Pontevedra. Entón quedamos para tomar un choio o sábado en Ordes, que era, e aínda é, un pobo da provincia da Coruña.

Cando nos vimos fundímonos nunha gran aperta. Meu irmán viña coma un mafioso: todo traxeado e sen afeitado. Todo isto fóra de que estaba podre de cartos porque o negocio da herba seca dá moitos, aínda que se te collen os verdes non saes do cuarto escuro durante unha boa tempada. Cando nos puxemos a falar, outra cousa que me sorprendeu, foi que fumaba ducados e, o que aínda era máis sorprendente, fumaba esta marca de pitos coma se dun porro de herba seca se tratase. Cando xa pasara media hora máis ou menos pasou o que menos nos esperabamos, os verdes rodearon o bareto e dixeron a mítica frase: “saian coas mans en alto”. A meu irmán, que xa non me lembraba de dicirvos como se chamaba, chamábanlle Eladio, aínda que era coñecido como “o can-grexo ruso”. Ben, pois a meu irmán e a min non nos gustaba rendernos sen loitar e secuestramos a toda a peña que había no bar: mulleres, homes e nenos.

Cando dixemos que tiñamos reféns dentro do bar comezou a negociación. Nós non pediamos moita cousa, tan só un helicóptero e un barco para dar unha volta no mar. Os policías aceptaron en darnos un helicóptero para fuxir pero pedíronnos tempo e meu irmán, que é moi listo para as negociacións, díxolles que se deran présa porque íamos matar un refén a cada hora. Isto era unha maneira de meterlles presión ós verdes. Efectivamente, en principio funcionara porque pouco máis de media hora despois tiñamos un helicóptero esperándonos diante da porta. O momento de máis tensión vivíuse cando saímos cun refén ata o helicóptero e cando xa empezabamos a subir soltámolo. Os polis comezaron a disparar pero xa non nos deron, o problema é que o burro de meu irmán, que ía conducindo, dixo que estaba sen gasolina. Entón vímonos obrigados a descender e entregarnos porque nos podiamos estrelar en calquera momento. Cando nos entregamos léronnos os dereitos.

Ó cabo de dous meses celebráronnos o xuízo, a meu irmán por secuestro, narcotráfico e varios asasinatos e a min por secuestro. A min caéronme 5 anos e a meu irmán 25.

Hoxe cumpo catro anos no cuarto escuro e quédame só un e a meu irmán aínda lle quedan 21 anos, aínda que me parece raro que saia algún día do calabozo porque segundo me comentaron está moi mal de saúde. Eu aínda teño sorte por estar nunha cela normal, porque meu irmán está nunha de máxima seguridade e a diferenza de min non pode saír fóra para nada, nin tan sequera recibir visitas. Por estes motivos non o vin desde que ingresamos no cárcere.

Estes meus recordos funos escribindo desde que estou aquí. Quizás por momentos sexan algo duros, pero o único que quería era narrar a historia real da miña vida e dicir o que pensaba en cada momento. Quero deixar moi claro que aínda sendo un animal tamén se poden ter sentimentos.

¿E que vai ser de min cando saia do cárcere? Esa debe ser a pregunta que vos estades facendo, pois ó saír de aquí vou facer o que fixen sempre e o que ó meu parecer me deu bo resultado, pasar páxina e esquecer o pasado.

MANUEL ALEJANDRO GARCÍA SUÁREZ
2º Ciclo ESO – CPI Xanceda



O silencio interrompe suspiros de lembranzas,
escoita, está a falar a alma,
e mentres agoniza a túa ausencia nun ser escuro, sen
calma,
preciso berrar verbas entre amor e vinganza.

Mentres tanto, pénsote, ¿será que tanto te estraño?,
aqueles sentimentos agochados escóitanse de novo,
non esquezo, pero na inconsciencia loito,
pois odio ó amor coma estupor ó abraio.

Aquela sensación que me envolvía e invadía só con verte,
aquele forte latexar dentro de min, efémero e intruso,
aquele feixe de contos de fadas e bruxos,
unha historia de amor na que non puiden terte.

A lúa arrólame mentres pregunto por ti,
e cando esvaran as bágoas que levan o teu nome,
ilumina un rostro humedecido por un home,

pero ninguén cala esta tristura en min.
Lembro sons, imaxes, verbas,
e aquela pregaría que berrei fai moito tempo,
ás veces as lembranzas escurécense co vento,
eu morro mentres, sen querer, me enterras.

Estraño a escuridade, os ollos, os beizos,
estraño os bicos suaves e as miradas,
esquecería o teu nome pero non esquezo nada
e dóeme, dóeme lembrar sorrisos e xestos.

Será que non escoitas o meu pranto,
será que esqueches o meu degoiro,
quixera pecha-lo libro do recordo,
e só pecho a alma que doe tanto.

NOELIA MARTÍNEZ REY

1º Ciclo ESO – Salesianos - Lugo.

MEUS ZAPATOS

Teño uns zapatos vellos
que lles gusta camiñar,
que me levan ata o río,
cando quero cazar ras,
e me levan á mariña
cando quero ve-lo mar,
e que se están moi quietiños
se ven o merlo cantar.
Teño uns zapatos vellos,
gardados nun rincón
e póñoos cando quero
escribir unha canción.

ANTÓN BASANTA

2º Ciclo de EP – CEIP I. B. - Vilalba.

A LEIRA DE FARRUQUIÑA

Esta era Farruquiña
que foi a unha feira
tomar o polbiño
e mercar unha leira.

A leira tiña nabos
tamén tiña cebolas
tiña patacas
e un ramo de amapolas.

Na leira daba a sombra
á beira do río
e os paxaros cantaban
a canción do "pio, pio"

Farruquiña estaba triste
sen gota de alegría
porque non sabía
que nome lle poñería

Pasou por alí
Pepiño de Andarán
e puxéronse a pensar
o que lle poñerán

Podía ser o "Rego"
ou tamén o "Corrubedo"
sería o "Foxeiro"
ou senón o "Cortiñeiro"

Xa sabían que poñerlle
chamáriase o "Cortiñeiro"
e agora plantarían
un bonito castiñeiro.

Farruquiña estaba alegre
só lle quedaba ter un homiño
e con toda a sorte do mundo
encontrouse con Luisiño.

E así acabou
a historia de Farruquiña
que era unha muller
moi xeitosiña.

CRISTINA BARREIRA BARRAL

3º Ciclo EP - Castro Ribeiras de Lea.

UN FESTEXO NO RECINTO

¿Que queredes que vos conte
que vós non poidades saber?
Nas feiras da Terra Chá
haivos moito que ver.

Refirome por suposto
ás feiras de exposición,
que un ano e mailo outro
teñen algunha innovación.

Unha das cousas que máis se ve
é a parte de artesanía,
na que traballa moita xente
toda a noite e todo o día.

Uns traballan o coiro,
outros están no tear;
algúns amasan o barro
nas noites claras de luar.

Os homes fan as zocas.
as mulleres tascan o liño,
mentres os visitantes os miran
co seu andar paseniño.

Os cesteiros destas terras
Mostran a súa profesión,
facendo cestas para todos,
que encheremos con ilusión.

Non esquezo ós canteiros
nin tampouco ós da madeira,
pois todos son artesáns
que fixeron lume na lareira.

Para os amantes do debuxo
está precisamente a pintura;
para moitos sería traballo,
para eles é aventura.

Para os labregos desta terra
tamén está a maquinaria,
á que terán que darlle uso
durante a vida diaria.

Para a xente que non ten coche
e que queira conducir,
nada mellor que un automóbil,
pero a marcha terá que reducir.

Para cantar e bailar ó mediodía,
eu traería uns gaiteros
que volvesen ás tradicións,
coas súas gaitas e pandeiros.

Para os nenos máis pequenos
tamén habería diversión,
porque se non para eles,
sería unha desilusión.

Poden ser coches de choque
que animan moito ós pequenos,
aínda que se se mancan neles,
quedaran moi serenos.

Organizaría para os maiores
unha partida á baralla;
de premio, os gañadores,
levarían un sombreiro de palla.

Para estar todos máis ledos,
nada mellor que unha merenda,
que disto si se acordan
os que hoxe non pagan renda.

Tamén debера haber músicos
que alegrasen estas festas,
para bailar un pouquiño
e aproveitarse mellor destas.

MARÍA BELÉN PARDIÑO

2º ESO - Cospeito.

A nena que

Nun val moi fermoso chamado Voladouro vivía cos seus pais unha nena pequena chamada Maruxa.

Era moi boa e gustáballe moito ler. A nai mandou a Maruxa que fora a casa dos seus avós, para que se entretivera e así non pasaría todo o día lendo libros. A Maruxa encantáballe ir á casa dos seus avós e sempre levaba con ela un conto de aventuras.

Mentras ía polo camiño ás veces imaxinábase Carapuchiña Vermella, e escondíase tralas árbores, para que o malvado lobo non a vira, e outras veces imaxinábase que era unha fermosa princesa escapando dun dragón.

Cada día a nena vivía unha historia nova, todas eran incríbles.

Unha tarde soleada Maruxa foi á casa dos seus avós, e no camiño encontrou cunha velliña que non a coñecía:

- Bos días rapaciña. Toma este caramelo, está moi bo.

Nese momento Maruxa recordou a historia de Brancaneves e tamén recordou a esa velliña do conto tan misteriosa que lle deu unha mazá envelenada.

Maruxa non quixo o caramelo e marchou correndo á súa casa.

Ó chegar contoulle á nai o que lle pasara e gracias ó conto aprendeu unha cousa nova. Entón a nai deuse conta de que dos contos, aínda que foran fantásticos, aprendes cousas deles e vives ilusións incríbles.

E desde aquel día a nai de Maruxa animouna a seguir lendo.

E Maruxa sempre que ía visitar ós avós levaba con ela un libro no peto.

LAURA SUÁREZ FERNÁNDEZ

CEIP Eugenio López - CEE.



soñaba con contos

Eran as tres da tarde e saín correndo polo prado, para ver as bolboretas. Corrín tanto que caín de cansa e senteime a sombra dun chopo, pensei en buscar unha rede para cazar algunha bolboreta e levala á miña casa. De súpeto, sentín que algo me tocaba no ombro ¡Era unha bolboreta xigante! As súas antenas non deixaban de moverse e tocar o meu pelo. Estaba tan asustada que non podía nin berrar, nin falar, nin me mover. Creo que a bolboreta notou que tiña moito medo. Díxome con voz moi doce:

-Non te asustes polo meu tamaño, son única no mundo, ninguén me veu xamais, alégrome de coñecerte, teño unha idea... ¿Gustaríache voar cas miñas ás? Eu podo facer que elas te leven polo aire.

-¡Si, si! Contestei rapidamente.

-Entón faremos un cambio, préstoches as miñas ás e ti préstasme os teus pés.

-De acordo, pero... ¿Cómo poderei voar coas túas ás?

-Só tes que pedilo e elas pegaranse ós teus brazos, e para que non se saian durante o voo terás que facer unha obra de ben antes de volver.

-De acordo, estou lista.

En poucos minutos encontreime dúas ás multicores pegadas ó meu corpo. Sen saber cómo voei como a mellor das bolboretas, pero sabía que para poder volver debía facer unha obra de ben, e cumprir o prometido.

O vento levoume ata a beira dun río. Alí atopei un peixe fóra da auga. Movíase violentamente porque non quería morrer. Co bater das miñas ás empuxei o peixe cara a auga e cando puido reanimarse díxome:

-Moitas grazas, nena voadora ¡Isto si que é vida! ¡Que fermosa é a auga... volvo ser peixe!

Outra vez soprou a brisa e cheguei moi cedo onde me esperába a dona das ás.

Caín na terra suavemente como se tivera experiencia.

A bolboreta non se puxo os meus pés, eran moi pesados para ela. En cambio eu paseino moi ben coas súas ás. O peixe volveu ser peixe, eu volví ós meus pés e a bolboreta xigante recuperou as súas ás. Coa punta da súa antena deume un biquiño na cara e desde entón alí teño un lunar.

Foi a aventura máis fermosa que recordo.

O máis curioso desta historia é que o conto ninguén o cree.

Ás de Bolboreta

MARIA CANDELARIA SOLER GARCÍA

3º Ciclo EP – CEIP Veleiro do Campo -
Castro Ribeiras de Lea.

A NOSA TERRA É GALICIA

A nosa Terra é Galicia,
ten vales e montañas,
non lle gusta estar soa,
soíña coma unha rama.

As súas catro fillas
están moi cansadas,
algunhas atravesaas a ría...
o mar intenta bicalas.

As ondas de suaves plumas
veñen vestidas de branco,
cando chega a noite pecha... ,
o sol durme coma os humanos.

¡Ai, a túa fermosa bandeira
tan azul e tan branca!
¿Onde vai o teu escudo?
O teu himno, ¿quen o canta?

Dúrmete xa, Galicia,
que xa chegou a lúa,
dúrmete ben tranquila
que che alumea dende gran altura.!

MARÍA SUÁREZ MATO
3º Ciclo EP – “Monseivane” Vilalba.

EL FALOU DA SÚA TERRA

El falou da súa Terra
tan bonita e feiteiceira,
de noite, o ceo cheo de estrelas,
¡nunca veredes outra máis bela!

O bonito ceo é azul
nun novo día,
os raios de sol de ouro
alumean a nosa vida.

O rapaz pensou un anaquiño
e algo quixo sinalar,
dixo que o galego
quería sempre no seu fogar.

Escoitouse unha cantiga
deses pequenos paxaros
que traían a alegría
ó corazón dos humanos.

Que bonito é o ceo
cando remata o día,
ponse o sol no horizonte,
vese no espello na ría.

JENNIFER BARRIO PUMARIÑO
3º Ciclo EP – “Monseivane” Vilalba.

A LINGUA GALEGA

Teño neste momento algo
que está no meu pensamento,
“A Lingua Galega”,
a que ti falas
para entender,
a que ti escribes
para ler.

Os sons do galego
que ti vas escoitar,
cantarche quero
no lar,
para que poidas
bailar.

A nosa lingua
será sempre
nosa.



NEREA LOZANO RON
2º Ciclo EP CEIP I.B. - Vilalba.

É A MIÑA CANCIÓN

Había unha vez un neno chamado Marcos, ó que lle gustaba moito tocar a guitarra. Un bo día, cando estaba na súa habitación tocando unha canción que acababa de inventar para un concurso, petaron á porta

- Toc, toc, toc.

Marcos baixou mirar quen era.

Era a súa curmá Raquel que viña pasar unha semá na súa casa.

Marcos díxolle:

-Vouche tocar unha canción que acabo de inventar, escoita.

Cando acabou de tocar a canción dixo Raquel:

-Non me gusta, é moi lenta.

Marcos quedou decepcionado e pasou dous días preparando una canción marchosa para o concurso. Pasados dous días cando estaba durmindo un pouco, porque en dúas noites non pegara ollo, volveron chamar á porta:

- Toc, toc, toc.

Marcos despertou e díxolle a súa nai que fora abrir. Aínda non sabía quen era pero de súpeto entrou a súa avoa na habitación e Marcos díxolle:

-Avoa, escoita esta canción.

Cando acabou de tocar a canción díxolle a avoa:

-Marcos, quedouche moi fea, esta canción non hai quen a soporte, é moi rápida.

Entón Marcos preparou unha canción nin moi lenta nin moi rápida e foilla tocar ó parque ós seus amigos e díxéronlle:

-Bueno, era mellor unha canción un pouco máis rápida.

Marcos riuse e ó final fixo a canción ó seu gusto e gañou o concurso.

LAURA RIVADULLA COSTA
2º Ciclo EP – CEIP “Eugenio López” - Cee.

A min, de neno, teríame encantado ser director de cine, o peor é que non o conseguín. Supoño que moitos pensarán que foi por falta de cartos, pero por iso, dende logo que non foi. Foi máis ben pola falta de creatividade que inundaba as miñas ideas para os argumentos. Iso foi un verdadeiro trauma para min, o saber que non tiña imaxinación. Iso, e o saber que cunha súper 8 non se vai a ningunha parte.

Despois, xa cando estaba en plena idade do pavo, decidín que sería o célebre creador dun cómic de serie underground, vamos, algo que se asemellase ó American Splendor de Harvey Pekar e Joyce Brabner sobre a clase obreira americana. O certo é que, por aquel entón, a miña adicción ás historietas gráficas era moi evidente. Nunca cheguei a elaborar a primeira viñeta do meu cómic underground. Máis que nada porque non tiña ningún tipo de sociedade hipócrita que retratar nunhas cantas viñetas.

Logo decidín ser xubilado, pero resulta que iso só se lle aplica a maiores de sesenta e cinco anos, e cando eu descubrixa que a miña verdadeira vocación era vivir de non facer nada (e aínda por riba cobrar por iso), contaba con dezaseis anos e un expediente académico algo (máis ben bastante) nefasto.

Despois, quería ser vocalista dun exitoso grupo de rock and roll, algo parecido a Mick Jagger, Freddie Mercury ou mesmo o tipo este que nunca se despega das gafas, Bono. O problema foi que tiña unha voz pésima, pero ese non era o verdadeiro inconveniente (ó fin e ó cabo, ¿como canta Mick Jagger?), o problema estaba en que non lle botaba estilo. Para remediar isto (porque realmente, a de estrela de rock foi a miña vocación máis duradeira) intenteino con ser, simplemente, guitarrista do grupo, pero... Para min, que debín confundir-la guitarra co sachó de meu avó porque sete segundos despois de collela, dinme conta de que xa non a tiña na miña man.

Ben, despois de tantas ilusións, decidín ir ó INEM e iso non foi decisión miña precisamente, máis ben, ó meu xefe antollóuselle a idea de chimpanxe á rúa. Así que... Co paso do tempo fíxenme... E que non sei como defini-la miña situación laboral actual... A miña vida consiste en erguerme, almorzar, baixar ata o parque e asentarme nun banco.

Pero, aínda así, actualmente sigo vivindo de ilusións e quero ser parado asentado nun banco que vai conta-la súa vida. A diferenza existente entre esta actual vocación e as miñas anteriores vocacións é que esta pode facela realidade. Por sorte ou por desgracia, que máis dá, pode facela realidade.

Ben, contareivo-lo comezo, porque realmente todo comeza. A miña chegada a un mundo que a miña nai, que en paz descansa, calificaba de noxento e aburrido, produciuse unha fría mañá de Novembro, en concreto, o vinte de Novembro do ano 1975. Ganas de facer historia, ¿Que máis queredes? Mentres o trallado ese, de cuxo nome meu pai non quere nin lembrarse, anunciaba a morte dun mandatario político un tanto antidemocrático; a miña nai non paraba de facer as súas necesidades encima desa famosa frase bíblica coa que Deus se dirixiu a Eva: Parirás con dor. Nese tempo a miña nai, tería agra-decido dunha forma monstruosa a epidural.

A escea do meu nacemento non podo describirla obxectivamente porque... Home... Por aquel entón a miña memoria non estaba tan excesivamente avanzada como para lembra-lo meu propio nacemento. De modo que... Vóuvolo describir como sempre facía a miña avoa: Facía un frío que cortaba as pernas, había un cheirume na casa que mataba só con ulilo, túa nai emitía uns sons que non eran bastante normais, o certo é que... Non llo digas a ninguén, pero nin túa nai sabía que estaba embarazada, sempre estivo gorda (esa parte nunca lla crin). Nada, o xeneralísimo xa non chegaría a dar a súa última mensaxe de Nadal e á túa nai non se lle ocorreu cousa mellor que poñerse de parto (nesta parte do seu discurso sempre ría dunha forma algo irónica cara a miña nai). Nada, o doutor veu e naceches dunha forma bastante normal. De non ser porque ese mesmo día perdimos un gran home. (Nesa parte botaba a chorar e cando estaba a punto de ergue-la man para ensinarme como era o saúdo fascista, o meu pai xa se poñía a discutir con ela).

O que vides de ler é colleita propia de miña avoa, ser agarimoso onde os haxa, a pesares de ser brutísima ó falar.

Ben, normalmente un ser vivo nace, medra, reproducese e morre. (Na escola case que non aprendín moito pero iso chapeino) Eu, coma ser vivo que son, non ía ser menos e dispúxenme a medrar. Esa é unha etapa bastante difícil para un ser humano, polo menos para min foino. Tiven a sorte de que ese velliño que posuía unha rúa Xeneralísimo en cada extremo do país, espichara a tempo para que eu puidese gozar dun sistema educativo carente de violencia por parte dos mestres. Aínda así, non me librei de mete-la zoca continuamente nos meus estudos. Por iso a miña etapa de crecemento foi desastrosa, máis que nada porque era un claro exemplo, un dos máis representativos, do fracaso escolar. Na miña etapa escolar teño, gracias a Deus, recordos bonitos. Cando pensaba que a miña obsesión co sexo ía rematar comigo, xurdiu unha nova obsesión. O máis gracioso é que esa obsesión tiña nome de can, chamábase Layla. En efecto, como vos estaredes a imaxinar, era unha rapaza. Os rapaces de hoxe en día, ó vela tan só vos limitariades a utilizar tódolos superlativos existentes acompañados polo adxectivo cualificativo cachonda e logo a vosa maior preocupación sería tocarlle coa man onde non deberiades tocarlle. En fin, épocas distintas, costumes distintos; eu prefería dicirlle que era a rapaza máis guapa do mundo, dicirlle que estaba namorado dela (e non dicirlle mólasme tres pobos como xa fun oíndo durante a miña estancia no banco do parque), etc.

Ó principio non sabía como falarlle. Achegarse a unha moza é unha situación que realmente logra poñerte nervioso, e sobre todo a unha rapaza coma Layla, que viña de pasalo tan mal: o seu pai estaba no cárcere por un delicto que contiña bastante sangue inocente, a súa nai estaba morrendo dun cancro e a súa irmá maior decidira que o seu profesor de matemáticas estaba fisicamente mellor có seu mozo, e fugárase con el. Unha vida divertida, ¿verdade? Por iso non sabías que dicirlle. E como Alaska e os Pegamoides e os cómics non lle gustaban, decidín preguntarlle a hora, simplemente decidín preguntarlle a hora. E aínda hoxe me



Debuxo de Yago Quijada López

acorda a hora, a hora á que deu comezo a relación máis intensa da miña estancia no terceiro planeta do sistema solar. Eran as dúas da tarde. Non vos podeades imaxinar a conversación que pode xurdir a partir diso, dunha pregunta.

O certo é que, a pesares do seu nome de can, Layla era un metro e corenta e nove centímetros de puro amor e xenerosidade. Compartiamos todo: segredos, inquedanzas... Todo. Cando estabamos os dous xuntos, sentiamos que eramos as dúas únicas persoas encima da Terra, sentiámonos únicos neste mundo, e así seguiu sendo, polo menos ata agora.

En fin, prosigo. Unha vez que souben cal era a muller coa que realmente ía pasa-lo resto da miña vida, dispúxenme a seguir camiñando por esa fráxil liña que une o meu nacemento coa miña morte, de modo que seguín medrando. E fixédevos se medrei, que non só alcancei o metro oitenta de estatura, senón que tamén fun á universidade. Si, era un fracaso escolar en toda regra, pero a finais da ESO decidín que os fillos que tería nun futuro con Layla precisarían comer algo máis ca pan. Nun principio, a miña tía Agnes, que é irlandesa, quería enviarme ó ximnasio que tiña o meu tío Michael en Belfast, para converterme nun gran campión dos pesos pesados católico. O certo é que os meus tíos entendían tanto de boxeo coma de gaélico (é dicir: nada).

A verdade é que á miña nai iso chistoulle moito menos co de ser roqueiro, director ou debuxante de cómic underground. Non lle facía ningunha gracia que eu subira a un ring á espera de que me partisen a cara, de modo que... Universidade.

Como non sabía o que quería facer, fixen o que fai todo o mundo que non sabe que carreira coller: económicas. (As opcións son: informática, empresariais e económicas; isto é para os que por non saber o que queredes facer, fagades de vós un pandeiro). O certo é que era e sigo sendo negado para os números, pero... Un sacrificio mínimo polo que poida vir mañá non está mal.

Ben, fun á universidade. Layla decidira estudar fóra, de modo que botei bastante tempo sen botarlle unha ollada á súa marabillosa cara pero non nos esquecemos o un do outro para nada, eu escribíalle case tódolos días e ela tamén. Sempre me contaba o que andaba a facer, aló en Londres, onde estaba coa súa irmá (non me preguntades como a atopou, creo que a día de hoxe nin ela o sabe). Contábame tódalas súas batallañas co inglés, etc. Cando acabei a carreira, que non foi precisamente cedo por mor da miña nefasta capacidade para os números, busquei un traballo e atopeino e unha vez que establecí a miña situación laboral, casei con Layla e tiveron fillos (tranquilos, que non tiveron un equipo de fútbol pero case) e, ademais, comprei unha casa para a miña familia. Aí foi onde se impuxo a lei feminina da excesiva decoración do fogar, había monotema no revisteiro e no material de lectura: decoración.

Pero... En fin... Despedíronme. Contarévolo con máis detemento: Un día recibín unha carta. Non era do meu manager, tampouco era do meu produtor e menos de meu editor; era dunha muller.

A carta viña sen a dirección do remitente, pero tiña un profundo cheiro de perfume para muller, de feito era unha colonia bastante parecida á de Layla. Cando recibín a carta Layla estaba de viaxe de negocios e tiña para bastante. A carta dicía isto: Ola; ti non me coñeces; non me coñeces precisamente porque nunca me viches pero eu si que te coñezo; porque hai persoas; que por sorte; non cambian. Estou na outra punta do mundo; agardando que leas estas liñas. Só teño unha pregunta que facerche: ¿es feliz? Supoño que si. Teño entendido que tes unha muller preciosa e catro fillos que non fan máis que quitarche o sono. Tamén sei que traballas nunha oficina; que che gustan os cómics e que escoitas os discos de Iron Maiden do teu fillo grande ás agachadas. Ben, só quero que recordes a unha persoa crucial para ti. A primeira persoa que che fixo un agasallo polo teu aniversario. Un bicazo.

O primeiro que me veu á cabeza coa última frase é que estaba ante unha axente secreta pero, acto seguido baixei do meu mundo de cómic e espertei na realidade, xa sabedes, ese crudo mundo onde sufrimos e nos pasa de todo. O certo é que a carta esixíame ben pouco: só tiña que lembrarme de Layla que, como xa dixeron, estaba de viaxe de negocios. Entón, unha suor fría recorreu a miña face. Tiña o presentimento de que algo lle pasara a Layla, aínda que o meu sentido da intuición estaba escasamente desenvolvido, creo que me abondaba para presentir que a Layla lle pasara algo non precisamente bo.

Á semana seguinte recibín outra carta, pero non tiña nada escrito. Tan só tiña unha foto. A foto consistía nunha man que estaba a agarrar-la roda traseira dunha cadeira de rodas.

Supuxen nada máis ve-la foto que a persoa que estaba nesa cadeira estaba parálitica. Ó ve-la man, as miñas sospeitas fixéronse realidade: Layla estaba nunha cadeira de rodas.

Soa forte, ¿verdade? A semana seguinte volveu á casa e eu renunciei ó meu traballo para coidala. En palabras do meu xefe: Baixo rendemento, García, baixo rendemento. Non podes mesturar o persoal co profesional. Pensa que che fago un favor.

Non estaba contenta. Non, non. Tiña á súa familia claro, pero move-las extremidades superiores non é todo na vida. Sempre estiven enfadado con ela por pensar que eu a ía querer menos polo simple feito de te-lo cu pegado a unha cadeira de rodas. Choraba. Choraba sempre, case a tódalas horas. E non era un choro normal, que puideras oír, era un choro silencioso, apenas facía ruído cando choraba e así tamén choraba eu. O silencio sempre me afectou e para mal. Eu case lle suplicaba que non o fixese, que me tiña a min, que tiña ós seus fillos. Supoño que nunca chegarei a sabe-lo que sufrí. Nunca nos contou como quedara parálitica, simplemente non quería falar diso. E nos entendíámolo. Supoño que os malos recordos son para esquecerlos. Ben, agora estou falando en pasado en exceso por se non o notástedes e como o debate este da eutanasia está demasiado recente seguro que xa me estades vendo coma un asasino e xa estaredes chorrendo a poñer unha denuncia. Pois non, non a matei. E ela non morreu, non. Ela simplemente... Marchou. Simplemente marchou, deixounos. Onde queira que estea, está viva e non precisamente dende o punto de vista relixioso.

Ben, eu sigo sen traballo e parece que unhas pombiñas se interesaron pola miña historia. Ogallá ninguén teña que contarlle estas historias a unha pomba, porque unha pomba escóitate, en cambio, un ser humano tan só se limita a ser un simulacro de oído. Porque a orella pona, pero oír... Non.

En fin, agora estarei dando pena ¿non? Iso pásalle a moitos. Peor é a xente que non ten a máis mínima idea do que estás a pasar e atrévense a dicirche: Agora tes que ser forte. Era para mandalos a tomar algo ó bar da esquina e dicirlles que te deixen en paz.

O certo é que... Fai un tempo que non vexo a Layla.

A min, de neno, teríame encantado ser director de cine, o peor é que non o conseguín. Supoño que moitos pensarán que foi por falta de cartos, pero por iso, dende logo que non foi. Foi máis ben pola falta de creatividade que inundaba as miñas ideas para os argumentos (...)

Feito para cando non sexa necesario
escribir historias tristes e para cando
sexo posible falar con seres humanos.

A fadiña Cristal

Era unha tarde de verán e facía moita calor. Había polo menos corenta grados. Moita da xente marchara para a praia. Pero tamén había outra que non. Por exemplo María, unha nena de 8 anos que vivía nun recuncho da Terra Chá. Para ser exactos nunha pequena casiña de pedra ao carón do río Ladra.

María era moi alta co pelo loiro que sempre recollía en dúas longas trenzas. Era moi divertida e simpática. A ela gustáballe moito a Natureza e de maior quería ser defensora dela.

Ese día María pasáralo facendo os deberes da escola, pois traía moitos. Logo a nena puxérase a mirar pola ventá. Estaba pensando en qué facer e de repente acendéuselle a bombilla. Iría dar unha volta pola beira do río. Meu dito, meu feito. Despois de pedirlle permiso á súa nai foi dar un paseo. Como as augas do río eran transparentes podíase ver con claridade o que levaba. No río había troitas e moitos tipos de peixes.

De súpeto, María botouse para atrás. Acababa de ver unha persoa en miniatura, pero non estaba segura. Era moi pequeniña e levaba un vestido verde con brillantes. Colleuna coitadiñamente e púxoasobre o chan. Esperou a ver se había algunha novidade e decidiu botala outra vez ao río. De repente, comezou a falarlle:

-¡¡María, non me botes ao río!! ¡¡Non son un peixe!!

-A ver, logo ti quen es. Dime tamén como sabes que me chamo María.

-Non che podo dicir nada. Non me está permitido.

-Vaia, que pena, e eu que tiña pensado contarche moitas cousas...

-Non me convencerás. Cada un ten unhas normas e temos que respectalas.

-Dimo, por favor. Tamén te collín da auga e te rescatei.

-Xa o sei e agradézochmo moito. Pero cada un é cada un.

-Polo menos dime como te chamas e cantos anos tes.

-Tampouco cho podo dicir; pero sexamos amigas.

-Eu tamén quero ser amiga túa pero non sei quen es, se unha mala influencia ou unha boa influencia.

- Está ben. Vouche dicir quen son. Chámome Cristal e son unha fada. Teño 8 anos e son a garda da Terra Chá. Cada fada ten un traballo. Eu traballo de protectora e axudo ós animais e plantas que me necesitan. Agora neste tempo teño moito traballo pola seca que está habendo. Tamén traballo moito polo inverno pero non tanto. Á causa da seca moitas plantas e animais sofren e ata incluso morren. Por iso estou tan ocupada. Ademais os trasgos empeoran as cousas e non sei que facer. Pídoche que me axudes, así o traballo será menos pesado para min.

-Axudareiche, farei o que queiras non só por ti, senón polos animais e plantas. Pero dime unha cousa. ¿Como é a túa casiña?

-Non lle chames casiña. Chámalle palacio, o Palacio de Cristal. Atópase no centro do río e é transparente. Alí tamén acollo animais ou plantas feridos. Como o palacio é de cristal de nome puxéronme Cristal.

-¿E gústache o teu traballo?

- Non me gusta, encántame. Faime sentir a muller máis feliz do universo.

-Pois logo, comecemos coa tarefa.

Despois de estar un anaco falando, Cristal converteu a María en fada, e xuntas botáronse a voar polo ceo.

A súa primeira aventura chegaría de seguido, pois había moitas cousas que resolver. Viron un bosque que estaba ardendo e baixaron apagar o lume. Era un bosque moi grande e o lume estaba moi estendido. Entre as dúas con moitos caldeiros foron ata o río e colleiron auga. Fixeron así moitas máis veces pero non se daba apagado. Elas non se cansaron e seguiron pelexando para salvar o bosque. De repente Cristal voou en dirección ao lume. Dun momento a outro desapareceu. María estaba moi asustada e moi preocupada pola súa compañeira. Pero non podía vencerse e seguiu intentando apagar o lume. Pasaban os segundos e Cristal non aparecía. Púxose a chorar e apareceu a fadiña. Viña un pouco lixada pero estaba ben. Fora rescatar os animais en perigo, e sen dúbida conseguíuno. Despois de moito traballar e suar deron apagado o lume. Quedou todo chamuscado e feo, coma sen vida. As dúas estaban moi tristes porque as plantas quedaran convertidas en cinzas.

Despois de traballar as dúas foron dar un baño ao río. Non quitaron a roupa pero metéronse igual nel. Chapoteaban e salpicaban moito. Divertíanse, pero uns gritos inesperados interromperon a súa diversión:

-¡¡¡¡¡Socorro!!!! ¡Axudádem! Que vou afogar.

-Dinos onde estás e salvarémoste. Queda quieto e non te movas.

-Estou xunto a unha árbore moi grande, debe ser un carballo.

-Xa imos, non pasará nada.

Cando chegaron ao lugar citado atopáronse cunha gatiña moi pequena que estaba nun cacho de lousa. A gatiña estaba atarecida de frío e parecía famenta:

-Moitas grazas por vir, sen vos estaría...

-Non nos deas as grazas, facemos o noso traballo- dixo Cristal.

-Agora presentémonos, eu chámome Mica e cheguei ata aquí por salvarme do can que viña tras min. Pero, unha pregunta sen importancia, ¿cómo sodes tan pequenas?

-Non che contestaremos -contestou María sen parar de rir- pero dirémosche que nos chamamos Cristal e María.

-Vale, pero levádeme ata á beira, que meus pais estarán moi preocupados por min.

-De acordo. Pois agárrate ás nosas pernas e por nada do mundo te soltes.- dixo Cristal.

Chegaron á beira e despedíronse. Logo María e máis Cristal seguiron o rumbo cara o lugar onde se atoparon. No camiño encontráronse cunha margarida que estaba toda chea de buracos. A flor estaba moi triste porque perdera toda a súa beleza e Cristal quitou do seu peto uns pós máxicos e botoullos á flor. De repente, a margarida levantou a súa cabeza e notou como os seus pétalos xa non tiñan buratos:

-Moitas grazas por curarme, agora sintome moito mellor. De verdade, grazas.

-Non hai de que, pero contéstanos á pregunta ¿quen che fixo iso?- dixo María.

-Foron uns rapaces moi trastes. Non sei como mo fixeron pero, non me cabe na cabeza quen pode facer isto. De verdade, non sei.

- Nós tampouco o sabemos, pero se hai unha cousa que teño clara, é que non todos o fan- afirmou Cristal chiscándolle o ollo a María.- Así que ata logo, témonos que ir.

Con esto marcharon voando mentres a margarida as miraba con ledicia. Pararon no lugar que se atoparan e dixéronse adeus. Cristal deulle un colgante a María que servía para ir ó palacio da fadiña cando se sentira soa e xogar con ela. Cristal díxolle que non lle dixera a ninguén que as fadas existían e María prometeullo. Con bágoas na meixela a fadiña desapareceu e María espertou.

Quedara durmida encima da mesa mentres miraba pola ventá. María quedouse pensando no soño e agora si que tiña claro o que sería de maior.

Letras galegas

Hoxe, día das Letras Galegas, no salón de actos do Illa Verde, un grupo de nenos e nenas recordamos as nosas raíces dende o século XII. Tal día como hoxe, 17 de maio do 2005, recordamos ás persoas que loitaron polo galego e que chegaron a un só propósito: loitar polas raíces do futuro. A eles adicáselles o día das Letras Galegas.

No salón os nenos estaban atentos, reinaba a voz dos nenos lendo cultura galega, sentindo como se un crebacabezas destruído se volvera a reconstruír, como se unha árbore botara a medrar as súas raíces. ¿E que é iso?. Iso é cultura, son ramiñas que florecen buscando raíces, buscando e rebuscando un novo son.

ROSALÍA GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
2º Ciclo de EP - CEIP "Illa Verde" Lugo.

Qué sería de Galicia sen...?

Que sería de Galicia sen as súas rías?
Unha Galicia simple, sen alegrías.

Que sería de Galicia sen os seus campos?
Unha Galicia enferma, sen terras, sen paxaros.

Que sería de Galicia sen a súa lingua?
Unha Galicia sen fala, unha Galicia olvidada.

Que sería de Galicia sen a súa bandeira?
Unha Galicia sen símbolos, unha Galicia senlleira.

MARÍA SUAREZ MATO
3º Ciclo EP - CEIP "Monseivane" Vilalba.

Lorenzo Varela

Lorenzo Varela, poeta da Lingua nace no mar, lonxe da súa terra cuberto de sal e da luz das estrelas.

Viaxeiro do mundo, loitador na guerra, defensor da liberdade. No peito, un poema; no seu pensamento, imaxes da pena.

Voltou a Galicia para estudar, atopou as súas raíces, a nosa cultura, a doce cadencia da lingua natal.

Foi á guerra laiándose, a alma serea, gran corazón, gran tristura: foise á guerra con grande amargura.

De novo emprende camiño a Bos Aires coñece a Seoane, se sona internacional e xuntos fixeron un traballo excepcional.

Foi un artista, foi solidario. Morreu sen saber que sería aclamado.

SARA PAZ MONGIL
3º Ciclo de EP - CEIP R. Sagra. A Coruña.

A miña (nosa) lingua?

E DIGO LINGUA.....

Cando me expreso coas mellores palabras.
E utilizo esa páxina sen fin.
Cando a vivo expresiva. Amigable. Cariñosa.
A tope. Porque me peta.

E DIGO LINGUA.....

Cando latexo con esa compañía.
Que me enche co seu son maravilloso.
De voltas e revoltas.
E reviravoltas que eu lle dou porque a sinto.

E DIGO LINGUA.....

Cando vexo os paxaros nas árbores.
Cantando sen parar.
Que os nomeamos en palabras.
En poemas. E máis contos.

E DIGO LINGUA.....

Cando o mundo se comunica no meu mundo.
E o fai con fermosura.
Nun fluír de sentimentos.
Intelixentemente. Con firmeza.
ESA HA SER A LINGUA MIÑA. Usada.
A que nos leve pola vida.
Nun sorriso enorme.
Coa fala de primeira. A que se fala.

XOÁN REYES VILLAR
1º Ciclo ESO - IES Nº 1 - A Estrada.

Lorenzo Varela - Xesús Manuel

En dúas aldeas de Monterroso vivían os pais do Sr. Lorenzo, jaínda que cartos non faltaban a Cuba foron, a ver si, se multiplicaban!

A bordo dun barco de vapor en 1916 cruzaron o Atlántico Xesús Manuel naceu.

De Cuba a Bos Aires, de Bos Aires a Lugo, de Lugo a Madrid aquí, pillouno a Guerra Civil.

Volveu cruzar o Atlántico a Francia nun barco cheo de exiliados.

Seguiron as voltas e reviravoltas.

De Francia a México de México a Bos Aires de Bos Aires a Galiza a volta definitiva en 1978 a fin da súa vida.

Na nenez xa escribía poemas pero non lle gustaban nin un, nin outro, e ó lixo os tiraba.

A revista Romance cos seus amigos relatou.

Día a día con axuda ou sen axuda poemas escribiu: Torres de Amor e Lonxe.

En Monterroso se enterrou e este poema rematou.

INMACULADA VEIGA MÉNDEZ
2º Ciclo EP - CEIP de Parga.

Defensa da lingua

Quixen poñer unha escada, para chegar ata o ceo.
Vervos a todos sorrindo, todos falando galego.

Quixen contar as tristuras dunha lingua censurada, mais ninguén me fixo caso, ninguén quixo escoitalas.

Quixen falar mais non puideron, desta fala olvidada.
Non me deixaron dicir nin unha soa palabra.

Algúns que me oen din que só se fala na aldea, que non lle dea importancia, que non hai que defendela.

Eu vivín na cidade, e podo dicir que non, pois levo a lingua galega moi dentro do corazón

Os que ná queiran falar, que sigan aparentando.
Pero digan o que digan, eu vouna seguir falando.

TAMARA OCHOA VARELA
2º Ciclo ESO - CPI Xanceda.

Quixera poñer unha escada

A nosa lingua é fermosa porque é nosa e soa ben, é doce, é harmoniosa, témola que protexer.

Quen rexeita o galego non sabe ben o que fai: traizóase a si mesmo e despreza á terra nai.

A nosa lingua é importante e podémola usar para poder expresarse en cada intre e lugar.

Se esta lingua amorosa a deixamos de falar acadaremos que morra sen podelo remediar.

CRISTINA FRANCO PARDO
3º Ciclo de EP - CEIP de Muras. Lugo.

O falar galego

Falar galego é fermoso, o seu son é melodía: é a luz dos nosos ollos e o latexo que dá vida.

A nosa terra, Galicia, ten moitas cousas que obrigan: ten unha cultura propia e de bandeira a súa lingua;

debemos utilizala sempre e en todo lugar, non debemos de cambiala por outra para falar.

CRISTINA GARABAL NIEVES
3º Ciclo de EP - CEIP de Muras. Lugo.

PABRILANDIA

¡Ola! ¿Que tal estades todos? Vivo no país das palabras, e polo tanto, son unha palabra. Chámome PAZ e teño 10 anos. Para case todo o mundo son a palabra máis fermosa do meu país "Palabrilandia". Gústame moito xogar, ler,...

Vivo nunha casa con forma de libro co meu pai RESPETO, coa miña nai AMIZADE, e co meu irmán AMOR.

A historia que vos vou contar sucedeu no meu país e é moi fermosa.

Un día de primeiros de verán fun dar un paseo pola cidade. Facía moita calor e toda a xente de "Pabrilandia" ía moi lixeira de roupa. Pasei por moitas rúas, e na última había moita xente mirando especialmente para unha cousa coma se pasara algo. Era certo, si pasaba. Intereseime polo asunto e fun mirar. Toda a xente estaba mirando un home dicindo un discurso. Ese home chamábase Maldade e é un señor moi malo. A min persoalmente, polo que dicía, xa me pareceu malvado. Comentaba que quería destruír o bosque para facer unha empresa. Había xente que estaba de acordo con el pero había outra que non. Non me pareceu ben a idea e marchei correndo a comentarllo a meus pais. A estes tampouco lles pareceu boa idea e saíron protestar. Marchei correndo para a miña habitación e durante horas estiven pensando no tema. Eu quería ir ver o que facían, collín a bicicleta e dirixínome ata o bosque. Cando cheguei alí, ao parque, vin que había moitas persoas. Nun cartel que estaba colocado alí poñía que o bosque o ían cortar dentro dun mes. Cheguei á casa decepcionada. Non mo podía crer. Resultábame feo pensar que o ían cortar.

Durante esa noite estiven moi inqueda e non sabía qué facer. Para desfogar as miñas penas mirei pola ventá. De repente, unha voz chamoume ás miñas costas. Era unha estrela moi pequeniña e brillante e sorprendeume moito. Díxome que me concedía tres desexos. Os desexos eran o de que Maldade non fixera o seu plan, que construíran máis colexios e hospitais e que plantaran máis árbores. A estreliña concedeu e díxome que tiña que seguir sendo así e nunca cambiar. Tamén me dixó que para concedermos tiña que recordala e nunca esquecer que a vida consiste en loitar, en loitar, para conseguir os teus propósitos.

Así acabou todo, e a partir dese día todo volveu á normalidade. Pasei un mal trago pero valeu a pena, sintome orgullosa polos meus desexos.

En canto a ese señor non sei nada pero din que agora é unha estrela que reparte desexos ás persoas de bo corazón.

En canto a estreliña que me apareceu non a volví ver pero aínda non a esquecín. Así que xa vedes, se loitas por algunha cousa conséguela.

ANA CRISTINA RANCAÑO LIZ

3º Ciclo de EP – CEIP Mato Vizoso - Vilalba.



A miña primeira batalla comezara co escurecemento da miña alma, entre mureiras brancas que semellaban sabas e xirngas. Todo fora tan axiña, que ás veces cheguei a pensar que o meu corpo adiantábase mentres a miña mente ía quedando, pouco a pouco, atrás. Ninguén me coñecera cordo, alí, pechado entre catro paredes que durmían ó espertar eu. Só elas podían ser capaces de escoitarme tolo mentres morría a alma, e eu exiliábame entre o baleiro da lembranza e a soidade dun cuarto.

Comecei por decatarme de que xamais ía trocarme de novo cabaleiro, a miña derradeira loita xa estaba rematada, e, agora, era o quenda das fileiras en urxencias coa respiración entrecortada, mentres lembraba a aceleración das partículas que recobran a situación inicial: nunha cadeira de rodas, sorrindo, coa armadura posta e ó brazo, un par de libros de cabalerías.

Cando o box se baleiraba de médicos, enfermeiras e xente atenta ó que sucedía só por curiosidade, botaba de menos á miña querida Dulcinea. Pensar nela era chorar de dor divina, era escoitar verbas fermosas só polo xeito de que saían dos seus beizos, era lembrar tantas imaxes, sons, sentimentos... era pensar que non volvería á súa carón. ¿Por que a vida fora tan inxusta comigo, un pobre cabaleiro que xa non tiña lanza en estaleiro, adarga antiga, rocín fraco nin galgo corredor?

TERRA DE

Desde o intre no que persoas levadas polo diaño que dicían ser Deus queimaran tantos recordos, tantas verbas que resumían a miña vida nuns poucos libros, tanta historia verdadeira e real, tanta existencia que facía de esqueira para cabalos e armas... tanta divindade que o recoñecía todo... desde ese intre sentínme na necesidade de voar lonxe soamente co necesario para ser un bo cabaleiro.

Aínda que os demais non querían velo como tal, o meu escudeiro seguía alí, ó meu lado, incesante, sempre para o que o necesitara: cando as batallas me deixaran canso e doente, levábame ós meus aposentos para que ó amenecer seguinte estivese disposto a saír e combater; cando as probas que me facían aquelas estrañas xentes vestidas de branco para probar verdadeiramente que estaba capacitado para se-lo mellor cabaleiro, mostrábanme débil, fraqueando, el acompañábame sen deixarme só nin un murmurio do tempo... era o único que semellaba comprende-la miña doenza, aquela que me afastaba do meu mundo, aquela que me facía sufrir tanto...

Chegou o día no que as miñas forzas decaeron por completo, xa non estaba coma o rapaz de antes, coma o que loitaba contra xigantes, coma o que namoraba a cada unha das fermosas doncelas, coma o que sempre gañaba a derrota contra o rendemento... durante aquel ocaso do día souben que o soño me ía chegando, que non faltaba moito para volver á terra da que saíra, á terra da fantasía...

Ás once e media da noite, faleceu no hospital no que morrera a maior parte da súa vida... o cancro avanzara e el xa volví vela-las armas...

Noelia Martínez Rey
2º ESO – Salesianos - Lugo

FANTASÍA

o libro máxico

Fai moito tempo había un libro que era máxico.

Un día o neno dixo unhas palabras diante do libro e o libro abríuse. Entón o neno foi para dentro do libro. Entrou na historia dos piratas e os piratas atárono.

Pero outro neno salvouno porque dixeran outra vez as palabras e saíran do libro.

O neno gardou o libro e nunca máis volveu sacalo.

CLAUDIA GONZÁLEZ SANTAMARIÑA

1º EP de Cee.

Había unha vez unha muralla que era moi vella pero moi resistente.

Sufría porque os homes malos mataban ás persoas boas, sufría polos incendios e polos accidentes, polos terremotos e polos maremotos e axudáballes sempre as persoas vellas.

O seu corazón sufría tamén polas persoas novas e polos atentados.

A muralla era boa e abrazaba aos chinos, aos franceses, aos españois, aos americanos, aos de Galicia e aos de Europa, aos de Inglaterra e aos de Portugal, aos de Marruecos, e aos de Londres, aos de Italia e aos de Perú, aos de Argentina e aos de Brasil...A muralla abrazábaos a todos.

A

MURALLA

PABLO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

1º Ciclo de E.P. CEIP nº 1 de Foz.

Un día de inverno, eu e meu irmán, tiramos unha bola moi grande de neve no vertedeiro, miña avoa enfadouse e tironme unha bola de neve; despois decidimos facer un boneco de neve. Antes de facelo xuntamos moita neve e empezamos a ir dándolle forma, puxémoslle uns paus de brazos, unha cenoria de fuciño, moitos paus de pelo.

O BONECO DE NEVE

E como nos sobrou neve botámoslle máis e de pronto o boneco cobrou vida e pasou por moitas aventuras. Vouvos contar algunhas:

Foi ata o pé das vacas e as vacas escaparon para fóra do noso pobo. Empezamos a buscalas polos prados, ríos, montes, carreteras e non as encontramos no noso pobo, logo fumos a outro pobo e despois de tanto andar atopámo-las na corte do Señor Pumares, levámolas para a casa. Logo foi á do can e ladroulle e escapou para fóra.

O boneco empezou a correr e entonces tirámoslle sal, pero non derretía. Logo botámoslle caldeiros de auga, pero estaba moi duro e deixámolo.

Despois vamos xantar.

E despois fun chamar ós meus amigos: Javier, Rubén, Diego, Alex, Miguel, Adrián, Alberto, Oscar, Pablo e David.

-¡Sabedes que quero desfacer un boneco de neve! Pero non o dou desfeito.¡Tédesme que axudar! Dádeme algunha idea para o desfacer.

Rubén dí:

-¿Por que non lle alumamos con linternas?

Miguel dí:

-¡Vamolo intentar!

Alumámoslle co moitas linternas pero non derretiu.

Logo di Diego:

-Vamos darlle cuns paus que teñan lume na punta.

-¡Vamos todos, amigos!

Démoslle moitas veces, rodeámolo e volvémoslle dar, pero non foi nada.

O día pasaba, pero ningunha das ideas funcionaba, chegou a noite pero o boneco seguía sin derreter funme a cama e estiven pensando pero non se me ocorreu nada... adormecín.

E ó seguinte día fun chamar ós meus compañeiros outra vez. Puxemonos nun corro, miramos todos para o ceo e encontramos a solución: Implorar ó Sol desde as nove ás dez.

Ó final, despois de todo, saíu o Sol e o boneco derretía pouco pero ó outro día xa non estaba.

JOSÉ Mª FORJA PENA

2º Ciclo de EP – CEIP de Parga.

A vaca di ¡mu, mu, mu...!

O cabalo di ¡üi, üi, üi...!

O burro di ¡jo, io, io...!

A ovella di ¡beee, beee, beee...!

O can di ¡guau, guau, guau...!

O gato di ¡miau, miau, miau...!

O galo di ¡qui qui ri qui...!

O parrulo di ¡cua, cua, cua...!

A galiña di ¡ca, ca, ca...!

E todos xuntos fan

unha orquestra xenial.



Na granxa

MARÍA IGLESIAS SAÁ

1º Ciclo de EP – CEIP Nº 1 de Foz.

O VENTO

O vento que move os muíños,
as follas das nosas árbores,
cunhas brisas agradables
xoga co teu sorriso.

Oímolo e non o vemos,
pero sempre está aí,
en outono, en verán,
en primavera e inverno.

Sentímolo nas nosas caras,
golpeando as ventás
e tamén as portas.

Dálle forza á neve,
dálle forza á chuvia,
dálle forza á vida.

ALBA VIGO GONZÁLEZ

3º Ciclo de EP - CEIP I.B. Vilalba.

MEU SOL

Cantarte quero meu sol,
a canción da risa
coa súa mirada e os teus ollos
poderás rir.

Como o meu sol é alegre
brillanlle os ollos,
estrelañas dinlle
que son moi fermosos.

Meu sol apagouse,
e está cantando,
que nun barquiño de papel,
vai soñando.

Mirade estreliñas
como se vai durmindo
no voso regazo.

ALBA VIGO GONZALEZ

3º Ciclo de EP – CEIP I.B. Vilalba.

A PRINCESA

A princesa está triste
¿Que lle pasa á princesa?
Perdeu a cor
perdeu o riso.

¿Que lle pasa?
¿Ten frío?
¿Ten calor?
¡¡Entroulle un calafrió
por debaixo
do vestido!!

Sol, soliño
¡Quéntalle un pouquiño!
¡¡Raio de sol!!
¡¡volve!!
¡¡E á princesa
dálle a flor!!

BEL BUJÁN APARICI

2º Ciclo EP – CEIP de Parga.

OS SENTIMENTOS DUN HOME

Por un monte fun andando
na dirección da claridade,
atopeime coa lúa.

Entrei na casa dun home
que me invitou con dozura,
senteime o pé da lareira
para quentarme á calor do lume.

Toda cheiña de frío,
seguín camiño do río
porque alí non atopaba
ó meu amigo.

Na soidade me atopei
para logo despertarme
daquel soño frío.



NEREA LOZANO RON

2º Ciclo EP - CEIP I.B. Vilalba.

A NENA QUE CRECEU NA SELVA

Había unha vez unha familia feliz. Pero un día houbo unha guerra e a nena pequena que non tiña máis que 8 meses tivérona que levar para un só sitio onde entrara xamais, a selva, e deixárona a veira dun río nunhas follas, e fóronse. Un día andaba unha osa por alí e viu aquela cousa, colleuna e fixo unha reunión entre tódolos veciños: leóns, osos, monos, tigres, cocodrilos... Entón decidiron que como era unha nena abandonada quedaríase e trataríana igual que un animal salvaxe, entón día tras día, a nena aprendía a falar pero non na nosa lingua, senón na lingua dos animais. A nena cando foi maior falaba coas plantas, cos animais e incluso cos animais acuáticos, era unha nena feliz, tiña o pelo rizo, rubio, ollos azuis e unha pel branca. Ela afixose moito a estar alí e quixo moito a todos os que conoecía.

E colorín colorado este conto está rematado.

MARTA ARIAS FERNÁNDEZ

2º Ciclo de E.P. – CEIP Casás. Lugo.

Había unha vez unha nena que se chamaba Claudi. Un día foi á escola e a profesora pasou lista e dixo: - Claudi.

A nena levantouse e mirou a lista.

E escribiu o seu nome e puxo o C grande e soñou que ía a Cee; e puxo o L grande e soñou que ía a Lugo.

E despois puxo o A grande e soñou que viaxaba a Australia.

Logo puxo o U grande e soñou que había un fantasma.

Despois puxo o D e soñou que tiña un amigo que se chamaba Daniel.

Despois puxo a letra I e soñou que ía a Italia.

Ó final foi a todos os sitios.

CLAUDIA GONZÁLEZ SANTAMARINA

1º Ciclo EP – Cee.

CLAUDI

UN TRABALLO PERIGOSO

unha muller con voz amable e concedeu unha entrevista.

Xesús era limpacristais pero botárono. Agora estaba sen traballo, por iso corría tanto, para que nadie chegase antes ca él e lle roubara o posto.

Cando chegou, falou cun home e firmou un contrato por unha semana, para ver que tal o facía. Os primeiros días ía moi ben, pero o último día tocoulle limpar un gran edificio no que tivera un accidente. Unha corda soltárase e caera dun sexto piso. Vencendo o medo que lle producía limpar aquel edificio foi avanzando, primeiro piso, segundo, terceiro, cuarto, quinto, sexto, sétimo... De súpeto a corda empezou a romper e Xesús agarrouse dificilmente á outra. Así estaba, agarrado, inseguro, cando un paxaro se lle pousou na cabeza e empezou a petarlle co pico na cara. E Xesús, con todas as súas forzas, logrou subir á azotea, baixar, arrancar todo e acabar de limpar sen que se decatase o xefe.

Despois contratárono de por vida.

FRANCISCO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

3º de E. Primaria. Lois Tobío-Viveiro.

Xesús estaba lendo o xornal nun quiosco. De súpeto viu o anuncio e foi correndo cara a cabina telefónica. Alí chamou ó número que poñía no anuncio de xornal. Faloulle

A

M

I

N

A

C

A

I

D

A

Acababa de chegar de traballar. Tiña un taller humilde onde só amañaba vellos coches e algunhas poucas motos. A miña situación económica non era boa, pero tampouco me podía queixar. Vivía nun piso nos arredores de Teherán.

De pronto chamaron á porta, eu estaba vendo o partido de "cricket" (perdía Armenia contra Afganistán), fun abrir e vin tres policías, cada un levaba unha "pipa", preguntáronme polo meu nome e un deles díxome que estaba detido e que calara a boca. Leváronme á "furgalla" e cando cheguei ó calabozo léronme os meus dereitos. Durmín alí pero antes preguntei o por qué da miña detención pero non mo dixeron. Ó día seguinte fun ó cárcere e volví preguntarme cal era o meu delito (se é que había algún).

Leváronme a unha cela, non tiña compañeiro. A cela tiña un váter, daba noxo, un colchón fino e para protexerme do duro frío da montaña só tiña unha mísera manta ca que case non me podía tapar.

Cando máis pegaba o sol sentín a unha persoa achegarse a miña cela. Esa persoa abriu unha pequena porta por onde asomaba a cabeza, deixou caer un prato e de seguido deixou caer sobre el unha substancia uniforme de cor agrisada á que eles chamaban comida, tamén caeu un vaso pero non caeu de pé e a continuación caeu un chorro de auga de cor marrón, pero como o vaso non estaba de pé a auga non caeu dentro do vaso. Achegueime ao que eles chamaban comida e vin varios pelos, parecían pelos do pube, pero aínda así algo comín, empecei a sentirme moi mal e ós cinco minutos vomitei e para sorte miña tiven que cheirar o vómito durante oito días.

- DOUS MESES DESPOIS.

Aínda non me dixeron o meu delito, xa non pensaba saír de alí, conseguira sobrevivir a base de ratos que lograba atrapar grazas ó cheiro dos meus calcetíns, comía a carne e pra beber unha pinga do seu vermello e denso sangue, ¡vaía vida!, ¡unha vida de merda!

Pasada unha semana cambiáronme a outra cela, observeina ben, tiña as paredes acolchadas, e dentro dela non había nada excepto unha corda, unha cadeira e un gran espello (no que supoñía que me estaban vendo). Paseime todo o día berrando: ¡POR QUEEE!, pero ninguén me escoitou ou non me querían escoitar. De súpeto empezou a soar música propia de Armenia e alegremente comecei a bailar.

Pasei dous días sen comer nin beber, por vontade propia, aínda que me deixaban comida, auga e para morrer con honor (xa que non pensaba quedar ceibe) collín a corda, fíxenlle un nó escorregadizo e metín a cabeza. Subínme a unha cadeira e atei a corda a un cano de desaugue que había no teito e deixei caer da cadeira na que estaba subido. Din que cando estás a punto de morrer ves pasar por diante túa toda a túa vida pero eu só vía o meu corpo agonizante diante do espello no que posiblemente estarían catro parvos detrás del, e cando os responsables do cárcere viran o meu corpo eu tería unha cara de gañador cunha expresión querendo dicir: "morrín, pero porque eu quixen".

Eu morrín sen saber que delito cometera, pero supoño que sería un castigo por vivir e por ter un taller humilde onde só amañaba vellos coches e algunhas poucas motos.

KEVIN PRIETO GARCÍA

2º Ciclo ESO – IES Marqués de Sargadelos. San Ciprián.

As dúas gotas de auga

Son dúas gotas de auga que nunca se atoparan, pero cando se atoparon todo cambiou, vaia alegría que levaron pois eran iguais, e tiñan un montón de cousas que contarse, e de seguido empezou unha delas a conta-la súa longa e arriscada historia.

-Mira, eu viaxei polo río Sil, pero antes caín do ceo e fun descendendo por un monte, logo cheguei a un muíño. Alí tódolos animais queríanme beber, pero eu ía de lado a lado impedindo que me tragasen. Despois de ir polo muíño fun a un río que pasaba por unha cidade e cando as persoas se ían bañar non me deixaban tranquila, igual me collían nun caldeiro, tirábanme pola area e deslizábame por debaixo dela. Máis tarde tras pasar días, meses, e anos, cheguei ó inmenso mar, un mar de tranquilidade. Alí si que podía moverme e non como na cidade.

-Mira gota de mar, eu en primeiro lugar son ácida. Caín na cidade, pero era unha cidade estraña, comparandoa co resto do mundo. Había cousas malas. Alí vendían drogas, había moita contaminación, e a xente facía o que lle daba a gana. Pero un día chegou un señor a esa cidade, era tan pequeno que só deixaba tras de si un cheiro moi especial, pero ese cheiro só o percibían algunha xente, moi pouca, sobre todo os nenos e a xente maior. Entre os que o percibían empezaron a comentar o que pasaba, pero non se explicaban, só sabían que notaban un cambio que lles producía unha sensación de benestar e de paz con eles mesmos.

Entón os nenos empezaron a falalo na escola cos seus amigos, cos mestres, cos pais e cos avós. Falábano na casa coa súa xente, pero ninguén facía caso, e chegaron ó punto de que cada vez que o comentaban na casa, tomábanos por tolos.

Ese home traía auga do mar e botáballe á cidade, e así deixaba de estar contaminada e a xente ó beber aquela auga volvíase boa e de alí vin. Eu estaba na cidade toda contaminada e chegou ese home que se non...

O home foise a outra cidade para salvara. El colleu un caldeiro de auga boa para levala á cidade pero polo camiño ver-teuse unha pouca e fun parar ó mar, e aquí estou contigo discutindo a ver se imos ó río.

Non, non, non, iremos a unha illa.

Que non, é mellor ir a un río. É máis cómodo e saudable.

Que non, iremos á illa; alí vívese ben e sen traballar.

As dúas gotas discutiron ata vaporizarse e sen ir a ningún dos dous sitios.

LAURA RAMUDO GAYOSO

3º Ciclo de EP – CEIP Mato Vizoso. Vilalba.

Un día feliz



Fai moito tempo nun pobo moi lonxe, chegou un neno moreniño. Ese neno viña de África. El nunca estudiara nun colexio, aínda que el tampouco o coñecía e xa lle gustaba. Entón, o avó, ó ver que lle gustaba tanto, meteuno no colexio, o neno púxose moi feliz. Ó día seguinte, o rapaz foise moi feliz ó colexio; cando chegou, a mestra presentoullo a tódolos alumnos, logo el foise sentar. Unhas horas máis tarde, os nenos saíron ó recreo e os nenos da clase empezaron a insultalo: “Conguito, negrito ...” O neno púxose a chorar. Tamén lle decían: “Ti non eres digno de vir a este colexio, ¡lárgate! Este colexio é para nenos con moito diñeiro e non dun pobretón coma ti”. O neno foise para a súa casa e chegou chorando; contoullo todo ó seu mellor amigo: o seu avó. O avó díxolle que o colexio era de todos: pobres, ricos, negros, brancos... e que non charase máis. Tamén lle dixo que os nenos non tiñan compañerismo.

Ó día seguinte, el chegou ó colexio e a profe non estaba. Entón os nenos empezaron a insultalo, pero non lles fixo caso. Díxolles: “Vós non sodes compañeiros, non sei qué clase de persoas sodes. Uunha persoa que ten compañerismo é a que comparte as cousas, non insulta, defende ós outros, axuda nalgunhas cousas... iso é ter compañerismo. E tamén non rechazar ás persoas pola cor ou por unha enfermidade, polos defectos ou tamén pola riqueza ou pobreza; e vós non tedes nada diso. Vós non estudiades nada e tampouco facedes nada no colexio; iso non é así, porque vós tede-la sorte de ter un colexio, pero non tedes compañerismo. Se temos amistades, aínda que non teñamos colexio, nós sabemos comportarnos e vostedes, non”.

A profesora escoitou todo e aplaudiu e os demais nenos, tamén. O rapaz que o insultaba quedou mal e pediulle perdón.

A partir dese día, o neno tivo amigos e estudou grazas á súa educación e tamén ó seu avó. Tamén foi moi feliz, porque tiña un colexio onde estudar e uns compañeiros que tiñan compañerismo.

KARINA PAOLA CHAIN CANTILLO
3º Ciclo de EP – CEIP “O Cantel”. Foz.

GICA

Gica é un xove rumano que dende o comezo da súa vida viviu na máis remota miseria. A súa nai morrera despois de nacer el, nun atentado que se producira nunha coñecida rúa de Bucarest. O seu pai nunca mirou moito del, xa que pasaba pouco tempo na cidade.

Andaba a fuxir da policía por tódolos delitos que cometía; roubos, atracos, secuestros... Era un dos homes máis buscados do país. Entón Gica medrou á beira do seu tío Maric, un home relacionado coas drogas, pola súa adicción.

Traballaba para uns narcotraficantes para poder conseguir a súa dose. Pasaron os anos e Gica foise facendo grande. Ata os catorce anos estivera axudando ó seu tío, pero xa canso decidiu saír pola súa conta. Coñeceu a un rapaz, Petresco, que lle deu un traballo na fábrica do seu pai. O seu labor era cargar e descargar grandes camións. Sacaba algo de diñeiro e podía durmir no almacén da fábrica. Posteriormente foi coñecendo máis xente e novas experiencias que xa vira cando era pequeno. Empezou a cometer pequenos roubos e tomar algunha droga. Pero ó cumprir os dezaseis estaba canso da súa situación, quería buscar unha saída. Pensou un plan e íao aplicar en canto puidese.

Á mañá seguinte, moi cedo, cando chegou o primeiro camiión, despois de acabalo de cargar, meteuse nel e escondeuse. O conductor non se decatara e emprendeu a súa viaxe. Co peso de moitas horas e pequenas paradas, definitivamente abriuse a porta traseira e puido ver a luz de novo. Non escoitaba nada e por iso decidiu saír apresuradamente. Encontrábase nun recinto pechado. Subiu polas valas e correu canto puido. Veu unha casa moi vella e abandonada e meteuse nela.

Arranxou un lugar para poder durmir e alí quedou. Ao despertar estaba asustado, non sabía en que lugar do mundo podía estar, nunca saíra da súa cidade e non coñecía nada máis. Estaba famento e foi na busca de comida. Nun parque estaban varios nenos xogando e coa súa merenda, foi xunto deles e arrebatóullela. Saíron tras el, pero Gica propicioulle unha gran labazada a un deles e escaparon mortos de medo. Gica tiña un problema gordo, non sabía onde estaba nin sabía falar aquela estraña lingua para el. Pasou un tempo mendigando por aquelas rúas intentando buscar unha solución. Estaba moi amargado sen saber que facer e entrou nun estado de loucura. Unha muller acercóuselle estando tirado nunha beirarrúa, e nun arrebatado abalanzóuselle e agrediuna. A xente dos arredores foron na procura da señora mentres Gica corría sen rumbo ollando un sitio onde agocharse. Cada vez estaba peor e aínda por enriba enfermara, pero non era calquera cousa, notábaselle no rostro. Era o seu fin, non tiña saída nin ninguén que lle puidese axudar. Ós dous días xa todo acabara, alí estaba morto nas escaleiras dun portal. Ninguén quería acercárselle, nin tan sequera avisar a alguén. Ata que chegou a policía e o viu, rapidamente chamaron ós forenses e o levaron. Despois daquelo nadie soubo máis nada, tampouco se lle deu importancia. ¿Quen ía preguntar por aquel xove rapaz que dende o primeiro ata o seu fin estivera mergullado na pobreza e soidade? A súa morte non tiña importancia para ningunha persoa. No seu país non houbo interese por encontralo e menos na grande Alemaña, a onde chegara. Naquel mundo tan extraño para os seus ollos e que tanto medo lle fixera pasar.

Así acabou a historia de Gica, o rapaz que buscaba un golpe de sorte para saír adiante pero que acabou peor do que estaba nun principio. Adeus Gica

VÍCTOR SOUTO GONZÁLEZ
2º Ciclo ESO – San Cibrao.



AS FANTASMAS



Nun planeta chamado Namek vivían unhas fantasmas, ás que lles gustaba moito ler, pero por un pequeno problema de estabilidade non podían ler.

Cada vez que collían un libro, caíalles da man.

Enton o sabio Evaristo, que era un gran inventor fixo un repousalibros para que non lles caesen os libros; pero cada vez que collían algún libro para poñelo no repousalibros, caíalles de novo da man e non chegaba ó repousalibros.

Outro sabio chamado Rafael, fixo un invento: unha especie de plano inclinado que cando poñía enriba o libro ía parar ó repousalibros.

As fantasmas fixeron eso de saltar, saltar, pero seguían caendo.

As fantasmas non sabían por qué non podían saltar ó plano inclinado.

Por fin, unha fantasma moi humilde deitouse no chan a ler e os demais fixeron o mesmo.

Dende aquela non volveron a ter problemas para ler.

DANIEL VAAMONDE SUÁREZ
3º EP Cee.

E OS SEUS PROBLEMAS

A miña vida é un inferno. Son filla de país separados e vivo co meu pai. Coda día mudámonos a un lugar diferente. Creo que ninguén coñece o mundo tan ben coma min. Cando chego a calquera lugar xa non desfago os maletas, porque sei que logo imos marchar dese lugar. A verdade é que parecemos fuxitivos.

Meu pai di que é por seguridade e porque estar moito tempo no mesmo pobo é aburrido. Por este motivo non teño moitos amigos. Hoxe estamos en Vilalba, pero mañá xa marchamos, non sei para onde, pero marchamos.

Non sei que facer con meu pai, dígolle calquera cousa sobre as nosas mudanzas e berra comigo. Teño quince anos e fai sete anos que non vexo a miña nai. O outro día armeime de valor e pregunteille por mamá. Doume mala contestación e díxome que non quería falar do tema. Insistílle, pero vin a súa cara de enfado, dei media volta e funme por onde viñera. Non sei porque non quere falar do tema, ó fin e ó cabo é miña nai.

O outro día estando en Viveiro (a miña terra natal), apareceu na porta da nosa casa unha muller, meu pai abriu a porta, e ó vela púxose moi nervioso. Cando lle preguntei a papá quen era, díxome que era unha amiga súa da infancia.

Esa amiga de papá visítanos moi a miúdo, mellor dito, tódolos días, veu o xoves, pero papá non estaba, abrílle a porta, preguntoume por el, díxenlle que non estaba, non quería deixala entrar, porque a papá non lle gusta que fale con descoñecidos, pero díxome que era o mellor momento para dicirme unha cousa moi importante. Entrou, sentamos no sofá e moi nerviosa comezou a falar:

-Ti non te lembrás de min, pero fun parte da túa vida. Con oito anos separáronte do meu carón, e agora despois duns anos de buscarte, por fin te atopei, por fin chegou o momento de reencontrarme contigo. Seguro que teu pai non che falou de min, xa que foi el quen nos separou. Todo isto non tería pasado se aquel día non te deixase soa con el, arrepiñome de facelo, deixei-te con toda a confianza, marchei, e cando volvínx non estabas. Bueno, despois de todo o que che contei, xa saberás máis ou menos quen son, pero eu voucho aclarar. Chámome María, teño trinta e dous anos e son... (fixo unha breve pausa) a túa nai.

Aquelas palabras chegaronme ó corazón e sentín como o corazón me batía cada vez máis forte, como se me quixese escapar do peito. Estaba nerviosa e o corpo enteiro tremíame. Pero eu non era a única nerviosa, aquela señora tamén o estaba.

Nese intre entrou papá pola porta, moi alborotado dixo berrando:

- ¿Que fas a soas con ela?

A señora inmediatamente contestou dicindo:

- Eu tamén teño dereito, pois tamén é a miña filla, e agora que a atopei nin ti nin ninguén me vai quitar o dereito a estar con ela, quitáchesma unha vez, pero foi a primeira e a última, tes ben pouco corazón para facer sufrir así a unha pobre rapaciña. Aínda que a burra fun eu por confiar en ti e deixavos quedar aquel día, moito me arrepiño do que fixen.

A señora seguiu chorando, e eu intervíñ:

-Papá, xa sei a historia completa e non esperaba isto de ti.

Entendo que quixeras estar comigo, pero o de separarme de miña nai nunca cho perdoarei, ¡nunca! Ódiote.

Marchei chorando ó meu cuarto e daquela entendín o porqué das nosas mudanzas, todo porque ela non nos encontrase. Estaba moi enfadada con papá, nunca pensei que fora capaz de facer unha causa así. Decepcionárame por completo, non quería saber máis nada del, pero despois dun anaco boteille valor e baixei. Aquela señora seguía alí. Pregunteille a papá se todo o que dicía aquela muller era certo, gardou silencio un anaco, e logo con bágoas nos ollos díxome que si, e explicoume por qué o fixera. As súas palabras foron:

- Eu queríate moito, eras a miña primeira filla e queríate para min só. Vía que túa nai nunca me deixaba collerte, por medo a que te magoara, e a min eso poñíame furioso, sentía como se foras intocable para min, así que aquel día que quedamos sós, decidín facer o que fixen. Non o fixen por mal, sé o fixen para terte comigo, para min só.

Non sabía qué dicir, e o que fixen foi subir correndo, collín as maletas e chorando díxenlle a papá:

-Marcho con mamá, síntoo, pero quero recuperar con ela o tempo que perdemos. Non che gardo rancor. Xa sabes que podes vir visitarme cando queiras.

Dei media volta, agarrei a mamá e marchamos. Montamos no coche, ela deume un bico toda feliz e arrincou. Díxome que a vida me cambiaría moito, que nada sería igual na miña vida, e que agora ía ter moitos amigos. Alegreime ó oír esas palabras. Xa sufrira bastante, por fin ía ser feliz.

VANESA BARREIRO MARZOA
1º Ciclo Eso – CPI Xanceda.

O Festival de Pardiñas

Cando chegue o mes de agosto Pardiñas ven visitar porque aquí se celebra un bonito festival

Hai moitas cousas pra mirar e tamén podes comprar, así ós de Xermolos todos imos axudar

Ven xente de moitos sitios a cantar e bailar Comen empanada e beben viño e despois vanse lavar ó río

Con tanta troula e tanta xente xa case non se pode andar, pero a min gústame moitos porque é o noso festival

Mª LAURA LÓPEZ BELLO
2º Ciclo EP – CEIP de Guitiriz.



A Andoriña

Baixo o ceo de Galicia vense moitas montañas, hai unha andoriña soa apoiada nunha rama.

Ten catro crías, elas xa están medradas, xa voan por riba da ría que polo mar foi bicada.

Non para de mover as súas ás, son negras e brancas. Xa se vai cara á palleira quere contemplar a niñada.

¡Ai, pobre andoriña de corpo negro e barriguiña tan branca! ¿Quen che coidou do teu niño feito de palliña e de ramas?

MARÍA SUÁREZ MATO
3º Ciclo EP - CEIP Monseivane.



A Árbore

Eu son unha árbore moi especial, non teño idade.

Chego ata o ceo e vexo os avións voaren.

Á mañá o Sol dime: "Bos días".

E á noite os paxariños veñen durmir nas

miñas pólas: "Boas noites".

Dende o bosque vexo os paxariños

que cantan ó meu redor; eu son a súa casa,

vexo os nenos e nenas

que respiran o meu ar puro.

Eu son unha árbore, eu son moi útil.

ADRIÁN VIDAL ONEGA
1º Ciclo EP – CEIP I.B. Vilalba



Doce Son e Doce Serán

Comeza o ano e con el xaneiro que xa loce o seu sombreiro

E en febreiro

locen as pólas do salgueiro

En marzo

poñémolle lume ó cazo

E xa se sabe que en abril

sempre veñen augas mil

E cando chega maio

sacamos do armario o saio

En canto veña xuño

ti non sexas amarrado ¡abre o puño!

Despois chegará xullo

e todo o mundo fará barullo

Aínda en agosto

estará o meu veciño bebendo

mosto

Por setembro

do que fixen o mes pasado xa non me lembro

E en outubro

A carón da lareira do frío me cubro

Cando chegue novembro

aumentará na miña familia un membro

E despois en decembro

eu a miña infancia sempre relembro.

ANA MARÍA ARDIÓNS NEIRA
2º ESO. A Estrada

Coñecín a un neno chamado Daniel, moreno, alto e de ollos azuis. Era moi simpático pero sobre todo, era moi travieso.

Daniel sempre facía bromas ós amigos e travesuras en tódalas casas dos veciños e ata incluso na súa. Na escola era moi lacazán e cada vez que súa nai lle mandaba facer os deberes ou outra tarefa escondíase ou dicía que lle doía unha perna ou un brazo, sempre tiña algunha desculpa

O martes pasado, súa nai mandoulle face-la cama pero este liscou de seguida. Dirixiuse á fraga que había preto da súa casa e alí camuflouse entre uns arbustos secos. Vixiaba para ver se veña súa nai e de súpeto algo se lle apareceu diante: era un cabalo, pero non era un cabalo calquera se non que ¡ un cabalo con ás!

Daniel pensou que era un soño, pero non era, era a realidade.

Daniel achegouse ó cabalo con moito coidado e deuse de conta de que o estraño cabalo tiña unha ferida. Tratou de curalo pero tiña que ir por menciñas á casa. Chegou e procurou non facer ruidos e ó fin saíu sen ser descuberto. O neno desinfectoulle a ferida con moito coidado e despois deulle unha pastilla que había no maletín para calmarlle a dor.

O cabalo díxolle a Daniel:

- Grazas pola túa axuda.

O neno quedou abraiado polo que acababa de escoitar, ademais de voar, aquel cabalo podía falar e contestoulle:

- De nada, pero ¿como te chamas?- preguntou Daniel.

- Chámome Lóstrego e vivo nesta fraga dende fai moitos anos -explicaba o cabalo.

Daniel preguntoulle de novo:

- ¿E como non te cazaron?

U
N
C
A
B
A
L
O
C
O
N
S

- Non me cazaron porque eu son capaz de volverme transparente ou pasar polo medio dos cazadores sen ser visto e así logro camuflarme deles- contestoulle Lóstrego.

Despois dunha longa conversa o neno decidiu levalo a un lugar segredo onde ninguén o atoparía. Deixou a Lóstrego nunha cova que había ó fondo da fraga ben disimulada entre uns carrascos e marchou para a casa. Ó chegar púxose a ve-la tele e botaban naquel intre un anuncio sobre carreiras de cabalos. Este tivo a gran idea de apuntarse para competir. Visitou ó cabalo branco e propúxolle a idea. Este aceptouna e ó cabo duns días, Lóstrego, estaba curado e puxéronse a entrenar para a carreira. Tódolos días ía entrenar a xunto del.

Por fin chegou o día da competición e Lóstrego estaba listo para comezar. A bandeira moveuse e todos comezaron a correr. A xente non se dera de conta que tiña ás. Ó fin da competición resultaron selos primeiros e gañaron o primeiro premio. Era unha copa moi bonita e moi grande. O xurado díxolle a Daniel que como era un neno non podería competir máis. El deixou a Lóstrego alí para competir contra outros cabalos.

Ó final Lóstrego quedou moi contento e Daniel tamén e sempre vai visitalo e lévalle uns terróns de azucre que lle gustan moito. Daniel seguía sen facer nada e haberá oito días que Lóstrego se enterou de que Daniel faltaba á escola e díxolle que se non ía e non traballaba non o volvería a ver máis.

Daniel tivo medo de perde-la amizade de Lóstrego, pois era unha boa axuda para el e quixo volver á escola e estudar. A veces vai montado no cabalo branco e pasea por lugares descoñecidos.

JENNIFER BARRIO PUMARIÑO
3º Ciclo de EP – CEIP Monseivane. Vilalba.

..IMPOSSIBLE

XXVI CERTAME "TERRA CHÁ DE LITERATURA E DEBUXO INFANTIL"

Os premios serán entregados o domingo 7 de agosto, ás 6 da tarde, no XXVI Festival de Pardiñas.
Participaron 862 traballos de 74 colexios.

COLEXIOS DA TERRA CHÁ

DEBUXO

Ed. Infantil:

- 3 anos: Alberto Fraga Miragaya, Lucía Campos Gonzalez e Lucía Mendoza Cortés (Parga).
4 anos: Pablo Novás Gesto, Uxia Villares Gonzalez e Sara Leal Rey (Mato Vizoso-Vilalba).
5 anos: Alba Duran Rivas, David Lage Suarez e Rocio Gayoso Díaz (Mato Vizoso-Vilalba).

Ed. Primaria:

- 1º Ciclo: Adrian Francos Cabana, Jorge Fraga Cal e Branca Baamonde Cendán (I. Bermudez).
2º Ciclo: María Airado Otero (Mato Vizoso).
Alba Sofía Naseiro (Insua Bermudez).
Inmaculada Veiga Mendez (Parga).
3º Ciclo: Natalia Fuentes Eimil, Noelia Fernández Quintela (Mato Vizoso)
Diana Vilasuso Braña (Begonte),
Guillermo Blanco Fernández (Parga).
Oscar Cabado Gil e Oscar García Pereira (Mato Vizoso).

E.S.O.: Yago Quijada López (IES Guitiriz).

POESÍA

Ed. Primaria:

- 1º Ciclo: Yasmina Garcia Lopez e Adrian Vidal Onega (Insua Bermudez).
2º Ciclo: Nerea Lozano Ron, Anton Basanta, Lucia Cillero Souto (Insua Bermudez).
Bel Bujan Aparici (Parga).
M.Laura Lopez Bello (Guitiriz).
3º Ciclo: Alba Vigo González (I. Bermudez-Vilalba).
Cristina Barreira Barral (Castro R. de Lea).
María Suárez Mato (Monseivane).

E.S.O.:

- 1º Ciclo: María Belen Pardiño Ben (Cospeito).

NARRATIVA

Ed. Primaria:

- 1º Ciclo: Alberto Sanmartin Morato, Alex Fraga Diaz e Sergio Rodriguez Seoane (Insua Bermudez).
2º Ciclo: Diego Sanjurjo Sanjurjo e Laura Pardo López (Mato Vizoso).
Jose Forja Pena (Parga)
3º Ciclo: Jennifer Barrio Pumariño (Monseivane).
Ana Cristina Rancaño Liz (Mato Vizoso).
Laura Ramudo Gayoso (Mato Vizoso).
M. Candelaria Soler García (Castro R. Lea).

Premio de Carteis: José Casabella Perez de Lois Tobío-Viveiro.

Premio Especial: Colexio de Muimenta (2º e 3º ciclos) polo seu traballo sobre a Muralla.

COLEXIOS DE FÓRA DA TERRA CHÁ

DEBUXO

Ed. Primaria:

- 1º Ciclo: Carlos Henrique Batista (S.M. de Reinante).
Jennifer Moreno Pérez e Nehane Iglesias Lopez (Nº 1 de Foz).
2º Ciclo: Elias Montoya Jimenez, Leoncio Pereira dos Santos e Nazaret Lorenzo Martinez (San Miguel de Reinante).
3º Ciclo: Ariadna Carreras Someso, Alba Vereza Perez (Ramón de la Sagra-A Coruña).
Francisco J. Mejía Vega (S.M. de Reinante).
Niceto Casabella (O Cantel-Foz).

E.S.O.:

Bibiana Presedo Rego e Marta Lopez Varela (Xanceda).

POESÍA

Ed. Primaria:

- 1º Ciclo: Xabier Doural García e María Iglesias Saa (Nº 1 de Foz).
3º Ciclo: Cristina Franco Pardo (Muras).
Alba Blanco Vazquez (Lois Tobio-Viveiro).
Sara Paz Mongil (R. de la Sagra-A Coruña).
Cristina Garabal Nieves (Muras).

E.S.O.:

- 1º Ciclo: Xoán Reyes Vilar (A Estrada).
Noelia Martinez Rey (Salesianos-Lugo).
Ana Maria Ardións Neira (A Estrada).
2º Ciclo: Tamara Ochoa Varela (Xanceda).

NARRATIVA

Ed. Primaria:

- 1º Ciclo: Pablo Fernández Fernández (Foz Nº 1).
Claudia Gonzalez Santamariña (Cee).
2º Ciclo: Marta Arias Fernández (Casás-Lugo),
Laura Ribadulla Costa (Cee).
Rosalia Gonzalez Rodríguez (I. Verde-Lugo).
3º Ciclo: Laura Suárez Fernández (Cee).
Daniel Vaamonde Suárez (Cee).
Francisco Gonzalez (Lois Tobio-Viveiro).
Karina Paola Cantillo (O Cantel-Foz).

E.S.O.:

- 1º Ciclo: Noelia Martinez Rey (Salesianos-Lugo).
Iria Pedreira Sanjurjo (Xanceda).
Vanessa Barreiro Marzoa (Xanceda).
2º Ciclo: Rocio Barreiro Marzoa (Xanceda).
Victor Souto Gonzalez (San Ciprián).
Manuel Alejandro García Suarez (Xanceda).
Kevin Prieto García (San Ciprián).